Annuarium Sancti Iacobi, 13 (2026), pp. 295-356.
e-ISSN: 3101-5816

Xestionando a memoria: unha achega ós tres libros do *Tombo Vello de Aniversarios*

MANAGING MEMORY: AN INTRODUCTION TO THE THREE BOOKS OF THE *TOMBO VELLO DE ANIVERSARIOS*

JAVIER ANTONIO REY SOUTO
CPI "Uxío Novoneira" de Pedrafita do Cebreiro

Annuarium Sancti Iacobi, 13 (2026), pp. 295-356.
e-ISSN: 3101-5816

Xestionando a memoria: unha achega ós tres libros do *Tombo Vello de Aniversarios*

Javier Antonio Rey Souto
CPI "Uxío Novoneira" de Pedrafita do Cebreiro

Recibido: 30/01/2026

RESUMEN: El artículo propone establecer una cronología para la compilación de los Libros de Aniversarios de la catedral de Santiago, profundizando en el contexto y motivaciones de su elaboración en relación con el pontificado del arzobispo don Juan García Manrique. Asimismo busca establecer las relaciones entre el calendario presente en los libros con otros calendarios litúrgicos de la diócesis compostelana. Finalmente intenta introducir una perspectiva diacrónica y de estratificación social en las listas de aniversarios proporcionadas por estos libros y realizar una identificación de los fundadores anteriores a 1400.

Palabras clave: calendarios, cronología, Edad Media, historia social, manuscritos, memoria colectiva

Códigos UNESCO: Historia Medieval (5504.03), Historia de la Iglesia (5506.90)

MANAGING MEMORY: AN INTRODUCTION TO THE THREE BOOKS OF THE TOMBO VELLO DE ANIVERSARIOS

ABSTRACT: The article proposes establishing a chronology for the compilation of the Anniversary Books of the Cathedral of Santiago, delving into context and motivations for

they creation in relationto the pontificate of Archbishop Juan García Manrique. It also seeks to stablish the relationships between the calendar present in the books and another liturgical calendars of the Compostela´s diocese. Finally, it attemps to introduce a diachronic and social stratification perspective to the anniversary lists provided by this books and to identify the founders prior to 1400.

Keywords: calendars, chronology, collective memory, manuscripts, Middle Ages, social history

ALGUNHAS XENERALIDADES

Hai xa anos, logo de rematar os traballos para a publicación do Tombo B, don José María Díaz ofreceume a posibilidade de transcribir e editar os Libros de Aniversarios gardados no arquivo catedralicio. Semelloume unha proposta axeitada, dadas as características dos volumes e a miña dispoñibilidade laboral. Don José facilitoume o traballo, como adoitaba facer, proporcionándome as fotografías precisas. Pero cando a tarefa estaba a piques de se concluír e apenas faltaba máis que cotexar as transcricións cos orixinais e redactar unha introdución, diversos acontecementos viñeron a adiar o desexado remate. Penso que realizar unha pequena presentación destes tres códices é un xeito de pagar, ben que incompleto, todos os beneficios recibidos dunha persoa tan xenerosa como foi o finado don José María.

É ben certo que os tres libros de aniversarios da catedral de Santiago[1], ou Tombo Vello de Aniversarios, non chaman a atención polo coidado da súa presentación. Son tres volumes sinxelos[2], con certo aspecto de axenda de gran tamaño e encadernados recentemente, baixo a supervisión de don José María Díaz, en táboa e coiro escuro[3]. Apenas aparecen decorados máis que con algún traballo de pluma feito por escribas de boa man para as letras de comezo dalgún dos seus rexistros. Tampouco destacan polo seu volume, xa que apenas chegan ó centenar de folios.

[1] Un primeiro traballo sobre os libros foi o publicado por LEIRÓS FERNÁNDEZ, E., "Los tres libros de aniversarios de la catedral de Santiago de Compostela", *Compostellanum,* 15, 1970, pp. 179-254.

[2] Outra descripción destes mesmos libros en VÁZQUEZ BERTOMEU, M., *Notarios, notarías y documentos en Santiago y su tierra en el siglo XV*, Sada, 2001, pp. 140-141.

[3] As novas encadernacións realizáronse para substituír as vellas, que estaban moi danadas. De calquera xeito, os coiros e táboas anteriores quedaron custodiadas no arquivo para posteriores valoracións.

Os tres volumes son moi semellantes, como copia tripla dun mesmo texto realizada de maneira coetánea e posiblemente polas mesmas mans. No seu interior amosan o aspecto dun calendario litúrxico: no encabezamento do folio aparece o nome do mes en tinta vermella e na marxe se van sucedendo as letras do A ó G, segundo a práctica da letra dominical, para identificar en cada ano os domingos. Ó longo deste calendario aparecen repartidos os actos litúrxicos e paralitúrxicos que o cabido compostelán debía realizar polo eterno descanso dos seus benfeitores. Despois do calendario, nun pequeno apéndice sinala que memorias corresponden celebrar nos días de festas móbiles.

Pero os códices non son idénticos. Algunhas das diferenzas foran previstas desde o principio; outras apareceron co paso do tempo e co uso que tivo cada un dos exemplares. Podemos pensar que desde o comezo houbo a idea de crear polo menos dous volumes: un deles organizado seguindo o curso do ano civil, de xaneiro a decembro, e que corresponde ó libro designado co número un. O segundo volume estaría organizado seguindo o calendario capitular, que comezaba cando eran elixidos os oficios do cabido, e que polo tanto ía de agosto a xullo. Os libros segundo e terceiro corresponden a este patrón.

O paso do tempo foi tamén marcando as diferenzas. O libro terceiro, que duplicaba a organización do tempo presente no segundo, apenas contén engadidos. Os poucos aniversarios novos que foron apuntados neste volume case que non pasarán do estadio de notas marxinais que non chegaron a ser desenvolvidas[4]. Anque resulta útil para entender o aspecto que tiñan os libros no momento da súa elaboración, esta falta de engadidos tamén explicaría que este volume quedase esquecido ata ser descuberto de novo no século XX, falto xa dos seus cadernos de comezo e remate.

Os libros primeiro e segundo foron moi usados e completados ó longo do século XV e parte do século XVI[5]. Aínda que a meirande parte dos rexistros engadidos aparecen compartidos, o libro segundo é o que contén unha maior cantidade de aniversarios tardíos, da primeira metade do século XVI. É posible que o feito de estar adaptado ó calendario capitular explique este maior tempo

[4] Un dos poucos rexistros desenvolvidos nos tres libros é o aniversario de Álvaro Pérez Bugeirete, burgués compostelán que estaba vivo no momento da compilación dos libros, e que polo tanto debeu falecer pouco despois de concluído o proceso. É de subliñar que mentres a nota correspondente a este aniversario semella ser da mesma man nos libros I e II, o escriba é claramente diferente no Libro III.

[5] Os engadidos son doadamente recoñecibles polas diferenzas de grafías e tipos de letra empregados, tanto respecto ós rexistros orixinais, como entre si, desde as góticas ás primeiras humanísticas (ARES LEGASPI, A., *Escribir en Santiago. El Universo gráfico compostelano entre 1450 y 1550*, Santiago de Compostela, 2022, p. 100).

de vixencia.

Os libros primeiro e segundo estiveron en uso claramente ata mediados do século XVI, e soamente despois desas datas pasaron a ser retirados e a se converter en material de arquivo. Nese sentido continuaron a ser utilizados polos membros do cabido para obter informacións sobre personaxes destacados e propiedades capitulares, como testemuñan as numerosas anotacións marxinais realizadas nos séculos XVII e XVIII[6]. Proba do interese que mantiñan estes volumes é o feito de que foron restaurados no ano 1646[7].

Os tres libros comparten un corpus básico de 221 rexistros, copiados moi probablemente por unha mesma man. Podemos supor a existencia dun borrador previo, realizado en material máis barato e escrito nunha letra máis cursiva; este borrador foi trasladado por triplicado por un calígrafo, mestre en "létera formada". O escriba non era necesariamente un bo latinista, o que significa que aínda que as súas lecturas son, polo xeral, correctas, de cando en vez atopamos algunhas chocantes[8].

O borrador foi elaborado por unha persoa designada ó efecto polo cabido, ou quizais por unha comisión capitular. A persoa ou persoas encargadas traballaban sobre libros e notas anteriores, escollendo e seleccionando aqueles aniversarios que debían ser lembrados cada un dos días do ano e procurando deixar espazo suficiente para engadir memorias novas co decurso do tempo[9].

Erros fora, no texto hai datos dabondo como para facer unha aproximación á data de elaboración e copia dos manuscritos. Aínda que algúns deles foron recollidos por Eladio Leirós no seu traballo sobre estes libros, o

[6] Algunha destas notas aparece datadas. No libro 1, ó lado dun engadido de 1501, sinálanse os anos que pasaran desde esa data ata 1626; ou no libro segundo sinálase que o claustro que recolle o rexistro "no es el de agora, de 1644 años".

[7] No libro 1: "Renobose este libro de cuero en la cubierta en jullio de 1646 años. Antonio Martinez".

[8] Como a curiosa errata do dez de novembro, compartida polos tres exemplares. Cando no aniversario dese día se fai referencia a un "Hospicio" do cabido, o texto sinala que está "*in uno Vallis Dei*", no canto de de "*in vico Vallis Dei*", que debía ser a lectura correcta. Pensamos que o copista, traballando nos tres códices ó mesmo tempo, repetiu escrupulosamente o erro nas tres ocasións.

[9] Aínda que o traballo de actualización foi escrupuloso, non se puido evitar que se filtraran noticias sorprendentes como as contidas no aniversario do 13 de agosto, festa de San Hipólito. Para ese día ven sinalado un aniversario polo rei don Afonso - supoñemos que Afonso XI-, subliñando que "*debet celebrari in vita sua missa Sancto Spiritu*". A única maneira de entender esta sorprendente referencia é supor que se trasladou literalmente a nota dalgún dos memoriais anteriores, sen facer a pertinente actualización.

erudito non discrimina entre o "*corpus* base" e os engadidos, de xeito que non achega ningunha solución ó problema da cronoloxía primeira[10]. Porén, ó facer unha visión de conxunto dos nomes dos defuntos recollidos neses 221 rexistros, atoparemos que os máis tardíos corresponden a cóengos activos na década de 1390.

Por outra banda, se reparamos nos nomes dos arcebispos composteláns recollidos neses rexistros, nos atopamos que case todos os prelados teñen algunha memoria consagrada a rezar polas súas almas nos días do ano. No caso dos arcebispos da segunda metade do século XIV, o seu nome aparece sempre acompañado por algún tipo de fórmula, coma "*quondam archiepiscopus*" ou "*bone memorie*". Pero don Juan García Manrique está sinalado como "*miseracione divina archiepiscopus Compostellanus*", é dicir, non se lle dá por morto. Ademais, don Juan García Manrique é o único arcebispo que aparece tanto nos rexistros orixinais como nos rexistros engadidos[11].

En terceiro lugar hai que resaltar o aniversario do 24 de novembro, fundado pola alma de Xoán Núnez de Isorna. Este aniversario aparece dotado co lugar de Vilar Piñeiro, en Santo André de Trobe, por doazón do seu fillo Álvaro Núnez de Isorna. O futuro arcebispo compostelán é identificado no rexistro como bispo de Mondoñedo, posto que ocupou entre 1399 e 1415.

Todo isto apunta a que os libros foron compostos e elaborados cara a 1400[12] e non moito máis tarde: non hai ningunha alusión ó arcebispo don Lopo

[10] Carrero Santamaría sinala que foron "redactados entre los siglos XV y XVI". Posiblemente se serviu da edición de Leirós e por iso afirma que "al menos uno de los libros fue redactado en el siglo XVI al recoger la sepultura del canónigo Gómez Ballo (+1529) en la capilla de la Transfiguración". CARRERO SANTAMARÍA, E., *Las catedrales de Galicia durante la Edad Media. Claustros y entorno urbano.* Coruña, 2005, p. 278.

[11] Isto mesmo afecta ás festas e aniversarios que o arcebispo dotara en 1384: "Ordenamos seys aniversarios en la dicha nuestra iglesia, convien a saber, tres festas mitradas de Santa María de las Nieves et de Santa Oufemea et Santa Anna, et tres aniversarios de requiem por salut de nuestra ánima et por la ánima de nuestros padre et madre et por nuestros parientes" (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B de la catedral de Santiago,* Santiago, 2004, nº 361). A festa de Santa Ana, o 27 de xullo, está entre os rexistros engadidos, pero as de Santa María das Neves (8 de agosto) e de Santa Eufemia (16 de setembro) aparecen nos copiados nun principio, o mesmo que acontece cos aniversarios: 14 e 17 de setembro; o terceiro aniversario nos libros aparece adicado ó tío do arcebispo, don Gómez Manrique.

[12] Tamén Vázquez Bertomeu pensa do Libro primeiro que "a juzgar por las caracerísticas paleográficas podría retrotraerse hasta los decenios finales del siglo XIV". Vid. nota 2.

de Mendoza, quen soamente aparece nos rexistros engadidos[13]. O proxecto foi moi probablemente ideado e preparado durante o pontificado de Juan García Manrique, pero o remate súpeto do seu episcopado coa súa fuxida a Portugal, fixo que fose rematado nos comezos da etapa do seu sucesor.

Se comparamos estes libros compilados no gume dos séculos XIV e XV, cos Memoriais de Aniversarios da catedral de Lugo[14], podemos albiscar certas semellanzas: a mesma estrutura calendárica, a mesma organización por letras dominicais… Pero tamén percibimos as diferenzas: no formato apaisado dos libros lucenses, os días están dispostos en secuencia horizontal, de xeito que cada día é un rexistro aberto, no que se poden ir apuntando sucesivos aniversarios e memorias. Porén, en Santiago, os días van dispostos en secuencia vertical, de xeito que os rexistros son pechados: a cada día correspóndelle o seu aniversario e non queda espazo para apuntar outra celebración. Fronte a mobilidade dos aniversarios de Lugo, en Santiago preferiuse un modelo estable.

O modelo compostelán exclúe a posibilidade de que un mesmo día fose compartido por varias memorias funerarias[15]. O aniversario estaba contemplado como un acto capitular, realizado polo cabido en pleno e remataba decote cunha procesión cara un lugar sinalado. Para que estes actos resultasen visibles dabondo, cada aniversario tiña asignada unha cantidade de numerario que ó remate debía ser repartida entre os participantes na oración comunitaria polo benfeitor.

Non é de esquecer que a catedral non funcionaba como un único espazo litúrxico único: dentro dela había capelas parroquiais, capelas de fundación particular e capelas de confrarías e corporacións complementarias ó cabido,

[13] Nos apéndices, xa fora do calendario, existe unha referencia a don Lopo escita durante o tempo do seu pontificado: "*Ordinatum est per reverendissimum dominum Luppum de Mendoça, archiepiscopum Compostellanum, et decanum et Capitulum eiusdem ecclesie, quod a cetero dum dictus dominus vixerit celebrentur tres misse, videlicet prima min secunda die post festum Asumptionis Beate Marie, secunda min secunda die post festum Pentecostes, terciam vero post festum Beati apostoli Iacobi Zebedei,; et post fine unamquamque predictarum missarum debet dici responsorium, scilicet: 'Sancte Iacobe, Christi apostole', cum oracione in altari ipsius Apostoli*". O rexistro está preto doutra nota datada en 1441.

[14] JIMÉNEZ GÓMEZ. S. "O 'Memorial de aniversarios' da catedral de Lugo como fonte para o estudio da sociedade medieval", en *Jubilatio. Homenaje de la facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González,* Santiago de Compostela, 1987, pp. 171-227. É posible a consulta destes volumes no portal https://pares.cultura.gob.es/inicio.html.

[15] Este desexo non sempre se viu cumprido, sobre todo cando a finais do século XV comezaron a amorearse novos engadidos.

como os Clérigos do Coro ou os Razoeiros de Sancti Spiritus, xa activas nestes momentos. Todas estas capelas e corporacións tiñan o seu propio calendario de memorias e aniversarios, alleos ós usos do cabido e en ocasións en competencia con el[16]. O cabido demostraba a súa preminencia dentro do ámbito da catedral non so por ocupar o seu centro -o espazo delimitado polo coro e o altar de Santiago-, senón pola súa esplendidez á hora de realizar os aniversarios que lle foran encargados. Ademais o cabido contaba co monopolio do altar maior da basílica, situado sobre a tumba apostólica: soamente os cóengos cardeais están autorizados a celebrar a eucaristía nese lugar.

A unión de aniversario con celebración coral capitular impuxo un calendario de aniversarios únicos en cada día, coa exclusión das pequenas mandas, esas que aparecen recollidas nos códices lucenses, repartidas entre os diversos estratos da sociedade. Os libros de aniversarios composteláns apenas recollen un feixiño de nomes que se poden relacionar coa burguesía santiaguesa, e están encadrados na súa maioría na segunda metade do século XIV, no momento previo á compilación dos Libros de Aniversarios.

Aínda que na gran colección documental que é o Tombo C aparecen numerosas mandas nas que se encargan aniversarios por parte dos estratos medios da sociedade compostelá, os nomes dos mandatarios non foron reflectidos nos nosos libros. A súa desaparición foi resultado dunha decisión consciente: estas pequenas mandas foron agrupadas en determinados días do ano nos que poderiamos denominar "aniversarios colectivos". A creación destes aniversarios foi resultado tanto da iniciativa episcopal[17] como da exclusivamente capitular.

Estes aniversarios colectivos ocupan un importante espazo dentro do calendario de memorias a celebrar polos capitulares: ata vinte e un días do ano van ser dedicados a facer conmemoración das almas dos numerosos pequenos benfeitores da igrexa de Santiago. Non deixa de destacar o feito de que algunhas das festas de especial significación eran o momento escollido para lembrar a

[16] Testemuño deste complexo mundo xa a comezos do século XVII, son as páxinas que á catedral santiaguesa dedica o cardeal Jerónimo del Hoyo nas súas memorias. HOYO, J. del, *Memorias del arzobispado de Santiago,* Santiago de Compostela, s. a. Nas páxinas 78-83 van descritas as parroquias inclusas na catedral: Santo André, San Froitoso, San Xoán Evanxelista e Santa María da Corticela. As capelas e capelanías "inclusas en la apostólica iglesia de Santiago" ocupan as pp. 92-129. Outra descripción algo posterior (1646) en TAÍN GUZMÁN, M., *La ciudad de Santiago de Compostela según los hermanos Juan y Pedro Fernández de Boán,* Santiago de Compostela, 2019, pp. 110-114.

[17] O arcebispo Sueiro Gómez de Toledo (1362-1366) foi quen tomou a decisión de celebrar unha serie de aniversarios polos confrades da confraría da Obra Nova de Santiago. A decisión contou co acordo do cabido.

aquelas persoas que fixeran achegas económicas para o esplendor da igrexa e o mantemento dos seus cóengos.

Táboa 1: Aniversarios colectivos

Intención	Datas
Pro confratribus Confratrie Operis Novi Beati Iacobi et pro illis qui eidem operi de bonis suis legaverunt	2 de xaneiro 2 de abril 2 de xullo 2 de outubro
Qui de bonis suis relinquerunt ecclesie Compostellane aniversario faciendo *Qui legaverunt de bonis suis Capitulo Compostellano adiecta certa clausula quod fieret pro eis aniversarium*	6 de xaneiro[18] 23 de xaneiro 2 de xaneiro 20 de xuño 11 de outubro 1 novembro 2 novembro 17 de novembro 28 de novembro Luns despois de Quincuaxésima Domingo de Ramos Pascua de Resurrección
Qui de bonis suis aliqua ad habendum panem et vinum cotidianum Compostellanis canonicis contulerunt	19 de xaneiro
Pro personis et canonicis qui de bonis suis legaverunt	16 de maio
Pro peregrinis venientibus ad Sanctum Iacobum	10 de xuño
Pro omnibus illis tam viris quam mulieribus qui domos aut partes domorum donaverunt et legaverunt	3 de xullo
Pro illis qui de bonis suis aliquid ad habendum panem cotidianum Compostellanis canonicis contulerunt	14 de decembro

[18] Da importancia da festa dos Reis ou da *Apparicio Domini* -como ven denominada nos nosos Libros- dan testemuño os diversos tímpanos de época gótica que aínda perduran na cidade de Santiago. Vid. YZQUIERDO PEIRÓ, R., *Os tímpanos de Compostela,* Santiago-Vigo, 2022, pp. 33-85.

Algúns dos días reservados para os aniversarios colectivos revestían un significado especial no ritmo do ano litúrxico: eran días de festa, uns celebrados en toda a cristiandade e outros cun significado máis local. Observamos como festas tan sobranceiras como os Reis (6 de xaneiro), a Candeloria (2 de febreiro), Santos e Defuntos (1 e 2 de novembro), ou o Domingo de Ramos e o de Pascua de Resurrección, foron dedicadas a lembrar os pequenos doadores. Mesmo nalgunha das festas se fala de que era a elección dos testadores[19].

Se nos detemos con particularidade nestes aniversarios colectivos é porque a súa creación debeu de supor unha importantísima limpeza dentro do calendario de celebracións do cabido. No conxunto de días libres de obrigas que así aparecían, quedaba espazo máis que suficiente para manter ou inserir aqueles aniversarios que no momento máis podían interesar á igrexa compostelá, tanto desde a perspectiva capitular como desde a visión do arcebispo. Xurdía así un novo calendario que, limpo de pequenas mandas, pretendía para o presente prestixiar a igrexa de Santiago e os seus arcebispos, ó mesmo tempo que atraía para o futuro novas doazóns dos membros destacados da sociedade, que podían amosarse espléndidos coa catedral, sabendo que a corporación capitular respondería con procesións e oracións públicas á súa xenerosidade.

No conxunto reorganizado resalta o número de aniversarios reais: os reis de Castela e León, os de Portugal e Francia, eran lembrados na igrexa de Santiago en corenta e catro días do ano. E nese conxunto, máis da metade eran aniversarios fundados polo rei Enrique II. O fundador da casa de Trastámara dotara en 1371 dous aniversarios mensuais, un por si mesmo e pola súa familia, e outro polo seu pai, Afonso XI[20]. Como comentaba Ambrosio de Morales na

[19] 2 de febreiro: "*Pro animabus illorum qui de bonis suis relinquerunt Ecclesie Compostellane ad aniversarium in ipso festo*"; 1 de novembro: "*pro aliis qui ista die de bonis suis legaverunt*"; 2 de novembro: "*qui de bonis suis legaverunt ecclesie Compostellane ista die*"; Domingo de Ramos: "*Pro illis qui de bonis suis in ista die legaverunt*"; domingo de Pascua de Resurrección: "*Qui de bonis suis relinquerunt ecclesie Compostellane ad aniversarium ipso festo*".

[20] O documento orixinal en Arquivo Catedral de Santiago, Documentos soltos, cartafol 8, documento 2: "damos et ponemos al cabillo, clerigos, capellanes et benefiçiados de la dicha eglesia de Santiago, que tenga de nos de cad'año para sienpre jamas, doze mill moravedis quel dicho cabillo et clerigos et benefiçiados que sean tenidos de dezir de cad'año d'aqui adelante en cada mes, dos misas cantadas solepnemente… a missa que comiençe primero dia del mes, por la nuestra vida et por la nuestra salut et de la reyna doña Johana, mi muger, et del infante don Johan, mi fijo primero heredero, et de los otros infantes mis fijos; et la otra misa, mediado el mes, por el anima del rey don Alfonso, nuestro padre, que Dios perdone, et otrosi por las animas de todos aquellos et

segunda metade do século XVI, non se trataba duns aniversarios cunha dotación abondosa[21], pero demostraban a intensidade da relación entre a Igrexa do Apóstolo e a nova casa reinante na saída dun momento conflitivo[22].

Existe aínda outro personaxe que será lembrado insistentemente nas memorias da igrexa de Santiago: o arcebispo de Toledo Gómez Manrique, previamente arcebispo compostelán entre 1351 e 1360, e tío do arcebispo que consideramos promotor da composición dos nosos libros de aniversarios: don Xoán García Manrique. Don Gómez fóra trasladado á sé de Toledo e alí exerceu o episcopado ata a súa morte en 1375. O arcebispo toledano legara ó cabido unha suma de numerario que podemos supor importante para mercar propiedades e así sufragar os seus aniversarios na igrexa compostelá. O tombo recolle doce aniversarios, un por cada mes do ano: unha marca do prestixio da liñaxe dos Manrique, no momento en que o titular da arquidiocese santiaguesa mantiña un pulso político co novo arcebispo toledano, Pedro Tenorio, gromo dunha estirpe de menor estima[23].

Os aniversarios do fundador da dinastía real dos Trastámara, coa súa procesión cara o lugar do soterramento dos vellos reis leoneses, marcaban o comezo e a metade de cada un dos meses do ano, subliñando tanto a

aquellas onde nos et la dicha reyna venimos". O documento foi outorgado o 26 de setembro, nas cortes de Toro.

[21] "El primero día de cada mes, una misa cantada en el altar mayor con gran solemnidad, es del Espíritu Santo y por el ensalzamiento de los Reyes de Castilla, y por su vida y salud. Dotola el rey don Enrique II con no más que diez mil maravedís, y con tan tenue dotación jamás se ha dejado. Por el ánima del dicho rey y de don Alonso, su padre, y de reyes predecesores y sucesores, se dice un aniversario cada mes a vísperas, vigilia y otro día misa, lo uno y lo otro con mucha solemnidad. No tiene más dotación que lo de arriba y es del mismo rey". MORALES, Ambrosio de, *Viage de … por orden del rey D. Phelipe II a los reynos de León y Galicia y Principado de Asturias*, Madrid, 1765, p. 128.

[22] Abonda con lembrar as ocasións en que, entre 1369 e 1386, o territorio de Galicia estivo controlado en maior ou menor medida por pretendentes petristas: Fernando I de Portugal e Xoán de Gante, duque de Láncaster. Un resume de todos estes acontecementos en ANDRADE CERNADAS, J. M. e PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *Galicia medieval,* Oleiros, 1995, pp. 188-195.

[23] Nas *Generaciones y semblanzas* de Fernán Pérez de Guzmán, dise de don Juan García Manrique: "Don Johan Garçía Manrrique fue arçobispo de Santiago. Este linaje de los Manrriques es uno de los mayores e más antiguos de Castilla, ca vienen del conde don Manrrique, fijo del conde don Pedro de Lara … Tenía grandes parientes de que mucho se onrrava. Fue de grant coraçón, altivo e grandioso. Entre él e el arçobispo don Pero Tenorio ovo grandes debates e porfías, que aunque don Pero Tenorio non era su igual en linaje nin en parientes, pero era muy grande letrado e de grant coraçón e tenía grande dinidad" PÉREZ DE GUZMÁN, F., *Generaciones y semblanzas*, Madrid, 1998, pp. 106-107.

continuidade da casa real e, polo tanto, a súa lexitimidade, como o vencello especial que a catedral de Santiago mantiña coa monarquía. Ademais, o feito de que no medio deses aniversarios reais estivese situado un na memoria do arcebispo Gómez Manrique, non deixaba de prestixiar a súa propia liñaxe no contexto das loitas que don Juan García estivera a soster polo control das titorías na minoría do rei Enrique III.

Os libros de aniversarios reflicten, xa que logo, un punto de chegada, no paso do século XIV ó XV, marcando o que debía ser lembrado, e condenando ó esquecemento outras realidades que puideron ser posibles: Pedro I e os seus partidarios simplemente non existen. Ningún aniversario lembrará a persoa do rei asasinado. Tampouco haberá ecos do petrismo que circulara por Galicia entre 1369 e 1386. Como sinala López Ferreiro ó facer a historia da igrexa compostelá na segunda metade do século XIV: "Muy escasos son los documentos que se conservan de aquella época. Hallábanse los ánimos muy agitados para pensar en la custodia de muchos diplomas que al poco tiempo eran declarados nulos, y cuya conservación en algunos casos podía ser molesta y aún ocasionar disgustos"[24].

ANIVERSARIOS E FESTAS

Os nosos Libros de Aniversarios son libros eminentemente útiles: mesmo podemos consideralos ferramentas de traballo. Non é difícil imaxinalos na sancristía catedralicia, listos para ser consultados polos cóengos encargados de organizar a liturxia coral diaria da igrexa. Tamén resulta posible imaxinalos nas mans dos despenseiros e administradores da mesa capitular á hora de preparar as distribucións monetarias correspondentes a cada acto[25].

Como instrumentos de traballo, a redacción de cada un dos rexistros debe ser clara, para obter a información precisa a manexar polos responsables do culto e da administración. Polo tanto, a estrutura de cada un dos aniversarios está moi definida:

- Día do mes.
- Nome do beneficiario ou beneficiarios do aniversario.

[24] LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia de la SA metropolitana iglesia de Santiago*, tomo VI, Santiago, 1903, p. 142.

[25] Duplicidade de usos que ben podería explicar tanto a existencia de diferentes libros como a organización distinta existente nos calendarios duns libros e outros. Neste sentido non está de máis sinalar que os libros nos que os despenseiros anotan os gastos e desembolsos efectuados pola mesa capitular están ordenados de agosto a xullo (VÁZQUEZ BERTOMEU, M., *Notarios, notarías y documentos en Santiago y su tierra en el siglo XV,* Sada, 2001, pp. 147-148).

- Cantidade que se debe repartir polo aniversario.
- Lugar, tenza ou cantidade da que se debe cobrar a cantidade a pagar.
- Lugar onde se debe dirixir a procesión de aniversario.

Sobre este esquema xeral e repetitivo existen variacións: canto máis achegada está a redacción do aniversario ó momento do seu asento nas páxinas do libro, maior é o número de datos que a entrada comunica sobre os bens nos que queda fundada a memoria. Podemos dicir que os rexistros que recollen a personaxes da segunda metade do século XIV e todos aqueles que foron engadidos ó longo dos séculos XV e XVI, nos proporcionan unha completa paisaxe da expansión continua das posesións do cabido de Santiago ó longo deses anos: casas na cidade de Santiago e outros núcleos urbanos[26], situados sobre rendas reais[27], casais e viñedos no mundo rural...[28] Tampouco son de esquecer outro tipo de contribucións, como son as axudas económicas ó cabido para a reparación dos seus bens[29] -reparación que subiría a cotización destes- ou para solucionar

[26] Para o seu aniversario de 17 de abril, o tesoureiro Estevo Fernández deixou as súas casas "*de Rua Nova quas ipse thesaurarius habebat, in quibus habitat Fernandus de Chaves, carpentator. Et habent limites ex una parte domus Gomecii Garsie, notarii Compostellani; et ex alia, domus in qua habitat Lupus Ferreiro, et in fine rua publica de los Ferreiros et in principio Rua nova*".

[27] O chantre Afonso Sánchez de Ávila fundou a mediados do século XV o seu aniversario de cinco de novembro "*per privilegium duorum millium morabitinorum in redditibus istius civitatis, habitum a domino rege Castelle per dictum Alfonsum Sancii, cantorem ,quos ipse emit pecuniis suis propriis in salvato super gabelam carnificum istius civitatis, ut plenius in eodem privilegio continentur*".

[28] Un exemplo extremo pode atoparse na dotación feita polo cóengo Xoán González de Asados, tamén a mediados do século XV, do seu aniversario de 5 de outubro*: "Solvuntur pro loco suo de Outeiro Donego et pro vineis et hereditatibus et devesis et dominio eiusdem loci; et cum molendino et hereditatibus de Lustris et vinea de Bouçoo, que sunt site in parochia Sancte Columbe de Rianjo; et pro iure patronatus quod ipse Iohannes Gundisalvi habet in parrochialibus ecclesiis dicte Sante Marie d'Assados et Sancte Eulalie de Araño et Sancte Marie de Isorna, cum iure presentandi quod ipse donavit Capitulo pro dicto admniversario. Et cum tercia parte sine cura beneficii Sancte Christine de Noya, quod ipse Iohannes Gundisalvi univit dicto Capitulo, prout continetur in tenencia dicti Iohannis Gundisalvi. Et donavit insuper dicto Capitulo medietatem tocius hereditatis cum suis domibus, palaciis et vineis, devesis et molendino que sunt Elvire de Outeiro, quas Therasia de Outeiro legavit dicto Iohanni Gundisalvi; et ipse Iohannes Gundisalvi adiunxit dicte sue tenencie et anniversario*".

[29] O cóengo Rodrigo Sánchez de Moscoso, arcediago de Deza na igrexa de Lugo a comezos do século XV, tiña un aniversario o dous de xullo que se pagaba "*per domum*

urxencias de todo tipo ó que a institución capitular podía verse exposta[30]. É ben comprensible nese sentido que nalgún dos documentos contidos nos apéndices se decida aumentar o monto das distribucións diarias polo aumento das rendas da mesa capitular[31].

O que resulta evidente a tenor de todos estes exemplos é que fundar un aniversario non era barato no caso de que se quixese escapar da condición de "doante anónimo" englobado dentro dalgún aniversario colectivo. É ben certo que había personaxes que honraban á igrexa catedralicia cando a escollían como o lugar onde perdurase a súa memoria, como eran os reis e os grandes nobres e eclesiásticos; pero a maioría dos que aspiraban a un aniversario recibían este coma unha honra que lles facía o cabido, que así os rescataba do esquecemento. O aspirante a un aniversario personalizado debía amosar a súa devoción dun xeito cuantificable, cunha dotación que fose dabondo para sustentar os gastos inherentes a celebración da memoria. O atractivo dunha boa remuneración aumentaba o interese dos beneficiados por participar na función do aniversario. Aínda que referíndose ás festas -das que falaremos en breve-, nun texto dos apéndices do Tombo Vello, o cabido láiase en 1488 das ausencias dos capitulares nos actos litúrxicos pola carencia de incentivos económicos[32].

nunc combustum et devastatum in qua morabatur Iohannes de Mendoça, olim perticarius dicti ecclesie Compostellane, in vico vulgariter nuncupato de Moeda Vella, in hac civitate Compostellana. Pro cuius domus reparacione ac refectione supradictus archidiaconus se obligavit donare et dedit decem mille morabitinos bone monete veteris nunc currentis, personis et canonicis huius ecclesie Compostellane, ad perpetum rei memoriam".

[30] É o caso por exemplo do cóengo do século XVI Antonio Rodríguez, lembrado o 29 de decembro: "*Solvit decem milia morapitinorum pro quadam maxima necesitate et utilitate dicte mense Capitularis, quam ad presens ipsi domini de capitulo habebant in Romana Curia pro expediendiis nonnullis bullis super bonis eidem mense unitis*".

[31] Os apéndices dos Libros de Aniversarios están cheos de indicacións sobre a suba das distribucións cotiás, como se pode ver nesta decisión capitular tomada en 1471: "Era de mil quatroçentos e setenta e hûu anos, a dous dias do mes de octubre, sendo sentados os señores benefiçiados da santa igleia de Santiago en seu cabildo, conosçendo as rentas da dita iglesia que eran en mayor fundo do que antes se repartia entrelos ditos benefiçiados, mandaron repartir e acrecentar en todaslas horas que se dezien eno coro da dita igleia triinta e septe mil e sesenta e duas libras".

[32] "Dixeron que por quanto de la dicha santa iglesia muchos dias e fiestas se absentavan muchos benefiçiados e non se honrava nin seervia, segund que devia de fazer, a cabsa que los tales benefiçiados de la dicha iglesia tenian beneficios en este arçobispado e fuera del, a donde muchos dias e fiestas se iban e non venian a honrar la dicha santa iglesia e proçesion della; por ende que hordenavan e ordenaron porque el culto devino fuese abmentado e la dicha santa iglesia fuese mejor servida e hordenada, et los

Gráfica 1



O valor económico do total das distribucións que se debe facer en cada un dos aniversarios está en xeral escrito na marxe dereita de cada un das planas que conforman o total do Tombo, expresada normalmente en libras ou soldos, moedas de conta que emprega o cabido, pero que debían ser traducidas a moeda real, segundo unha estimación que supoño variable en cada época. Soamente nos rexistros máis tardíos ou nos aniversarios fundados por Enrique II aparece como moeda de conta o marabedí. Como se amosa na gráfica seguinte (gráfica 1), a maioría dos aniversarios contaba cunha dotación valorada en menos de cen libras. A dotación mínima para un aniversario segundo consta nos Libros, era de sesenta libras. No caso de que a fundación non chegase a esa cantidade, podía reducirse a memoria a unha simple procesión cara á sepultura do personaxe lembrado[33].

canonigos e benefiçiados oviesen mas cabsa de venir … se repartiesen e repartan nueve mil maravedís de moneda vieja … Et entendase que los dichos maravedis se an de ganar e repartir en lasa dichas fiestas alliende de lo que es repartido et se ganaba e gana a las oras".

[33] As razóns para se acoller á modalidade da procesión podían ser varias, e non exclusivamente as limitacións económicas. Así acontecía por exemplo, no caso do tesoureiro Xoán Fernández de Canas, quen quería fundar un aniversario o día 17 de agosto: "*Nota quod ista XVIIª die mensis augusti obiit thesaurarius Iohannes Fernandi de Canas, et quoniam aniversarium in ista die non potatur poni, quoniam erat ocupata, ideo heredes sui composuerunt cum capitulo Compostellano de reedificando domos in Vico*

Os aniversarios de máis de 150 libras son unha minoría, pero non deixa de ser significativa a súa presenza. Non desde logo pola súa cantidade, pero si como representativos dos desexos de conseguir a máxima asistencia capitular ó acto: un dos aniversarios máis caros na súa dotación é o do bispo de Mondoñedo don Gonzalo de Moscoso, no que se repartían 440 libras[34]. Pero en segundo lugar, con cadansúas catrocentas libras de dotación, estaban os aniversarios dos Reis de Francia e da dona compostelá Tareixa Eanes de Tudela, sepultada na Corticela[35]. Un trazo de vaidade, sen dúbida, que permitía ós Tudela situarse nun nivel case da realeza.

Pero os Libros non soamente conteñen aniversarios, aínda que así o faga pensar o seu nome. O conxunto do Tombo é ante todo un calendario práctico, como se dixo anteriormente, para organizar o culto e as distribucións extraordinarias correspondentes a cada día. Non estaría completo, polo tanto, se non recollese as diversas festas que percorren o ano. Moitas festas ou memorias aparecen soamente anotadas porque non levaban consigo ningún tipo de práctica extraordinaria. Pero outras aparecen sumamente destacadas porque nelas o cabido debía mostrar as súas mellores galas: son as festas mitradas de seis capas, moitas veces asociadas a procesións e sempre a distribucións extraordinarias[36].

Novo iuxta domum decani, que tradebatur ruine. Et Capitulum se obligavit de faciendo processionem post exitum prime … Dantur libre quindecim".

[34] O seu aniversario tiña lugar o catro de xaneiro.

[35] Aniversario que se celebraba o catro de outubro, no mesmo día que a festa de San Francisco de Asís: *Fiat aniversarium pro domna Tharasia Iohannis de Tudela et pro eius parentibus. Dantur quatuorcente libre et solvuntur de tenecia de Rex et d'Olveira. Processio ad cappellam de Cortezella.* Aínda que non coñezo ningún dato documental que o avale, a escultura xacente dunha dona anónima conservada na igrexa da Corticela, pode tamén ser unha homenaxe visual a esta muller á que os seus parentes quixeron honrar con semellante aniversario.

[36] O nome de "festas de seis capas" queda en parte explicado polo seguinte texto das constitucións capitulares feitas no século XVI polo arcebispo Francisco Blanco: "Estas dichas dignidades" -estase a referir fundamentalmente ós arcediagos e xuíces- "i el tesorero i maestrescuela, han de tomar capas a la misa mayor de todas las diestas de seis capas, i el que faltare será multado en la pena ordinaria que paga el canónigo, i asientese en su oja, si la tuviere, i sino en la de su vicario, i sino tuviere vicario pague un real de pena, el qual se pagarà luego al que tuviere la capa por él*".* Máis adiante as mesmas constitucións sinalan ó falar dos capeláns de coro: "En las fiestas de seis capas, quando van dos cardenales con mitras a incensar, acompáñenles doce capellanes de los más nuevos, seis de cada coro*" (Constituciones establecidas por el illustrisimo i reverendisimo señor don Francisco Blanco, arzobispo de Santiago*, Santiago de Compostela, 1781, constitucións 7.10 e 11.2). Na constitución 28.22 están sinaladas

Fundar unha festa mitrada é, de principio unha iniciativa máis cara que fundar un aniversario. Se nestes a dotación mínima esixida eran as sesenta libras, as festas mitradas esixían habitualmente o dobre: cento vinte libras. Dotar unha festa non é dotar un simple acto litúrxico: e dotar todo o día, con reparto de numerario a cada unha das horas[37]. Deste xeito a súa creación estaba limitada ás capas con máis recursos dentro da sociedade que xiraba ó redor da catedral. Porén, as festas non chegaron nunca a ter a dotación da que gozaron algúns dos aniversarios: soamente a festa de San Vicente, fundada polo cóengo Rodrigo Rodríguez para o día 22 de xaneiro chegaba a acadar as 300 libras de dotación. En xeral, a dotación das festas estivo entre as 120 e 150 libras (gráfica 2).

Gráfica 2



As festas non tiveron necesariamente un carácter de memoria e lembranza dos seus fundadores, xa que varias delas foron creadas por decisión capitular ou polos cambios introducidos co tempo no calendario litúrxico da

aquelas festas nas que "todos los dignidades y cardenales van con capas y mitras en las procesiones", e na 28.23 "Las fiestas de seis capas que el cardenal semanero va en la procesión con capa y mitra y el mismo semanero con otro cardenal van a incensar el altar de Santiago en las primeras y segundas vísperas".

[37] Serva de exemplo a festa da Anunciación, a 25 de marzo: "*Ad honorem ipsius festi darentur libre CXX*[ti] *de tenencia de Amio, dividende per horas ipsius diei videlicet: in primis vesperis XXV, in matutinis libre XXV, in prima libre X, in missa libre XXV, in nona libre X, in ultimis vesperis libre XXV*".

cristiandade romana. Pero cando era un particular o que decidía subvencionar unha festa, non deixaba de solicitar que dentro dos actos do día houbese un momento de lembranza e oración pola súa persoa e polos seus achegados. No seguinte cadro expoñemos o calendario destas festas e a súa coincidencia -ou non- cos calendarios diocesanos que conservamos para este período: o do *Breviario de Miranda*[38], o do *Breviario Compostelano*[39] incunable, e o do *Breviarium alme ecclesie Compostellane* editado polo arcebispo Gaspar de Zúñiga[40].

Táboa 2: Festas mitradas fixas do calendario do Tombo Vello

Día	Festa[41]	Fundación	Mir.	Inc.[42]	Sal.
01/01	Circuncisionis Domini	Reverendus in Christo pater et dominus domnus Iohannes, miseracione divina archiepiscopus Compostellanus	X		X
06/01	Apparicionis Domini	Vicarium decani et capitulum[43]	X		X

[38] SÁNCHEZ PISO, J. (ed.), *Breviario de Miranda,* Santiago de Compostela, 2024.

[39] Impreso por Nicolás de Saxonia en Lisboa en 1497. Consultamos polo exemplar conservado na Biblioteca Nacional de España, dispoñible no portal https://bnedigital.bne.es/bd/es/simple. Hai referencias sobre el en DÍAZ FERNÁNDEZ, J. M. e CABANO VÁZQUEZ, I., *Breviario Auriense. O incunable. 1485-1490,* Santiago de Compostela, 2004.

[40] Editado en Salamanca por Matías Gastius en 1569. Aínda que se trata dun breviario postridentino e xa reformado, toma a súa base nos breviarios composteláns anteriores, que pretendía depurar para manter a súa vixencia nunha nova época.

[41] Aparecen en cursiva as festas que corresponden ós engadidos dos séculos XV e XVI. En letra normal, as presentes nos rexistros orixinais.

[42] No exemplar conservado na Biblioteca Nacional de España falta a folla co calendario de xaneiro e febreiro, mentres que o conservado na Real Academia da Historia comeza xa no salterio, polo que non podemos comparar as festas correspondentes a eses meses.

[43] Ten tamén función funeraria, xa que nela se lembran os que "*de bonis suis relinquerunt ecclesie Compostellane aniversario faciendo*".

Día	Festa[41]	Fundación	Mir.	Inc.[42]	Sal.
08/01	*Festum dulcissimi nominis Ihesu*	Martinus Lupi, cardinalis huius alme ecclesie[44]	X		X
20/01	*Festum Beati Sebastiani*	Ordinatum est per archiepiscopus et Capitulum[45]			X
22/01	Festum Sancti Vincentii	Ordinatum extitit per predictum Rodericum Roderici, canonicum[46]	X		X
23/01	*Festum Sancti Ildefonsi*	Ordinatum extitit per domnum Alfonsum Sancii de Abula, cantorem sancte ecclesie Compostellane[47]	X		X
25/01	*Festum conversionis Sancti Pauli apostoli*	Ordinatum extitit per vicarium decani et Capitulum (1481)			X
02/02	Festum Purificationis Beate Virginis Marie	Per vicarium decani et Capitulum[48]	X		X
22/02	*Festum Sancti Petri*	Pro anima Petri Gomez			X

[44] *"Fiat processio ad capelam Beate Marie ad eius sepulturam"*.

[45] *"Fiet processio post vesperas ad capellam Sancti Spiritus et in die post primam ad capellam Sancti Salvatoris ubi est idem dominus [Iohannes Guedeja, canonicus] sepultus"*.

[46] *Establece "Processio in exitu prime ad eius sepulturam".*

[47] *"Fiat processio in exitu prime ad capellam dicti cantoris et ad eius sepulturam ad claustrum novum".*

[48] Suma novamente o carácter funerario: "*pro animabus illorum qui de bonis suis relinquerunt ecclesie Compostellane ad aniversarium in ipso festo*".

Día	Festa[41]	Fundación	Mir.	Inc.[42]	Sal.
12/03	*Festum Sancti Gregorii papae*	Domnus Iohanes Calvino, cardinalis Compostellanus		X	X
18/03	*Festum Sancti Gabrielis archangelis*	Ad petitionem, instanciam et supplicacionem venerabilis et prudentis viri Roderici Sancii de Moscoso, archidiaconi de Deça in ecclesia Lucensi ac canonici predicte Compostellane ecclesie	X	X	X
25/03	Festum Annunciacionis Beate Virginis Marie	Per vicarium decani et Capitulum	X	X	X
25/04	*Festum Sancti Marchi*	Pro anima domni Nuni Gundisalvi de Bendaña, cantoris Compostellani[49]	X	X	X
01/05	Festum Beati Iacobi Alphei	Per vicarium decani et Capitulum, et confirmatum per domnum Rodericum, archiepiscopum Compostellanum	X	X	

[49] "*Processio post primam ad eius sepulturam*".

Día	Festa[41]	Fundación	Mir.	Inc.[42]	Sal.
13/06	*Festum Sancti Antonii de Padua, ordinis fratrum minorum*	Reverendissimus in Christo pater et dominus dompnus Lupus de Mendoça, miseracione divina archiepiscopus Compostellanus[50]	X	X	X
24/06	Festivitatis Sancti Iohannis Babtiste	Per decanum et Capitulum	X	X	X
29/06	Festum apostolorum Petri et Pauli	Per vicarium decani et Capitulum	X	X	X
02/07	*Festum visitacionis Sancte Marie*	Ad petitionem, instanciam et devotam supplicacionem Roderici Sancii de Moscoso, archidiaconi de Deça in ecclesia Lucensi et canonici Compostellani	X	X	X
18/07	Festum Sancte Marine virginis	Per decanum et Capitulum[51]	X	X	X
22/07	*Festum Sancte Marie Magdalene*	Ordinatum extitit per vicarium decani et Capitulum (1481)		X	X
25/07	Festum beati Iacobi Apostoli	Pro comite domno Fernando	X	X	X

[50] "*Processio post exitum prime ad capelam dicti archiepiscopi ad eius sepulturam*".
[51] Facíase memoria de Xoán González de Orellán, cóengo.

Día	Festa[41]	Fundación	Mir.	Inc.[42]	Sal.
27/07	*Festum Sancte Anne genitricis Virginis Marie*	Reverendissimus in Christo pater ac dominus domnus Iohannes, miseracione divina archiepiscopus Compostellanus	X	X	X
05/08	Festum Sancti Dominici confessoris	Pro archiepiscopo domno fratre Berengario	X	X	X
06/08	*Festum transfigurationis Domini nostri Ihesu Christi*	Ordinatum extitit per vicarium decani et Capitulum (1481)		X	X
08/08	Festum Beate Marie de Nivibus	Reverendus in Christo pater et dominus domnus Iohannes, miseracione divina archiepiscopus Compostellanus	X	X	X
10/08	Festum Sancti Laurencii	Domna Sancia Roderici de Bendaña de consensu Capituli[52]	X	X	X
15/08	Festum Assumptionis Beate Marie		X	X	X

[52] "*Debet fieri processio in vita sua ad sepulturam domni Alvari Sancii, quondam archidiaconi de Trastamar*".

Día	Festa[41]	Fundación	Mir.	Inc.[42]	Sal.
20/08	Festum Sancti Bernardi	Per decanum et Capitulum … pro anima Bernardi Dominici, cardinalis[53]	X	X	X
24/08	Festum Sancti Bartholamei	Debent solvi per bona domni Alfonsi Sancii de Grez, archidiaconi de Trastamara, qui predictum aniversarium ordinavit	X	X	X
29/08	Festum decolacionis Sancti Iohannis Babtiste	Obligavit se Capitulum eidem Roderico [Guterrii, canonico] ad predictum festum[54]	X	X	X
08/09	Festum nativitatis Sancte Marie		X	X	X
16/09	Festum Beate Eufemie Virginis	Reverendus in Christo pater et dominus domnus Iohannes miseracione divina archiepiscopus Compostellanus	X	X	X

[53] "*Post exitum orime fiat processio ad eius sepulturam que est in Quintana Palaciorum*".
[54] "*Post primos vesperos et eciam sequenti die post primam debet fieri processio ad eius sepulturam que est in claustro novo, ubi Iohannes Fernandi de Canas, quondam thesaurarius Compostellanus, est sepultus*".

Día	Festa[41]	Fundación	Mir.	Inc.[42]	Sal.
21/09	Festum Sancti Mathei apostoli	Per decanum et Capitulum … pro animabus Gomecii Gundisalvi Vallo et uxoris sue, Maioris Fernandi[55]	X	X	X
29/09	Festum Sancti Michaelis archangeli.	Per decanum et Capitulum … pro animabus Iohannis Dominici Tauri, cardinali et Nicholai Dominici, iudicis de Luou[56]	X	X	X
30/09	*Festum Beati Iheronimi confessoris*	Reverendissimus in Christo pater et dominus dompnus Luppus de Mendoça, miseracione divina archiepiscopus Compostellanus	X	X	X

[55] *"Fiat processio post primam ad eiusdem sepultura in Quintanam Palaciorum iuxta notariam nunc Garsie Sugerii, notarii Compostellani".*
[56] *"Fiat processio post primam ad claustrum novum ad sepulturam ipsorum".*

Día	Festa[41]	Fundación	Mir.	Inc.[42]	Sal.
04/10	Festum Sancti Francisci	Domnus Rodericus de Moscoso, bone memorie, quondam archiepiscopus Compostellanus, cum Capitulo Compostellano ordinavit	X	X	X
18/10	*Festum Sancti Luche evangeliste*	De mandato domini nostri archiepiscopi domni Roderici		X	X
21/10	*Festum Sancte Ursule et Undecim milium virginum*	Per ordinationem decani et Capituli[57]			X
23/10	Festum Sancte Marie Salome	Vicarius decani et Capitulum ordinaverunt	X	X	X
27/10	*Festum Sanctorum martirum Vincencii, Sabine et Cristete*	Quod festum ordinavit ... venerabilis vir Alfonsus Sancii de Abula, cantor Compostellanus		X	X
28/10	Festum apostolorum Simonis et Iude	Fernandus Aprilis, mercator, ordinavit		X	X

[57] "*Post missam diei dicetur unum responsum pro anima predicti cardinalis [Gaspar de Abalus] inter corum et capellam maiorem ubi est sepultus*".

Día	Festa[41]	Fundación	Mir.	Inc.[42]	Sal.
01/11	Omnium Sanctorum	Pro cardinali domno Petro Ougel Pro Gundisalvo Garsie de Parada, canonico et pro aliis qui ista die de bonis suis legaverunt ecclesie Compostellane ad honorem ipsius festi	X	X	X
11/11	Festum Sancti Martini episcopi	Per decanum et Capitulum ecclesie Compostellane[58]	X	X	X
21/11	*Festum presentacionis Virginis Marie*	Ordinatum est per vicarium decani et Capitulum Compostellanum (1526)			X
25/11	Festum Beate Catherine virginis	Vicarius decani et Capitulum	X	X	X
30/11	*Festum Beati Andree apostoli*	Reverendissimus in Christo pater et dominus domnus Lupus de Mendoça, miseracione divina archiepiscopus Compostellanus	X	X	X

[58] "*Pro animabus Iohannis Dominici Tauri, quondam cardinalis, et Nicholay Dominici*".

Día	Festa[41]	Fundación	Mir.	Inc.[42]	Sal.
08/12	Festum Conceptionis Sancte Marie	Vicarius decani et Capitulum	X	X	X
10/12	*Festum Sancte Eulalie virginis*	Pro anima Petri Leiteiro, civis Compostellani[59]	X	X	X
16/12	*Festum Beatissimi Fructuosi*	Ordinatum fuit per vicarium Decani et Capitulum Compostellanum (1467)		X	X
18/12	Festum Beate Marie de conmemoracione	Vicarii decani et Capituli	X	X	X
21/12	*Festum Beati Thome apostoli*	Per decanum et Capitulum[60]	X	X	X
25/12	Festum Nathalis Domini[61]		X	X	X
26/12	*Festum Sancti Stephani martiris*	Debocione Capituli			X
27/12	Festum Sancti Iohannis apostoli et evangeliste[62]		X	X	X
30/12	Festum translacionis Beati Iacobi[63]		X	X	X

Segundo se pode observar na táboa anterior os catro calendarios (*Tombo*

[59] "*Fit processio post exitum prime ad sepulturam dicti Petri Leiteiro ad Quintanam Palaciorum".*

[60] "*Pro quoquidem festo honorabilis vir Gundissalvus Michaelis de Noya, olim cardinalis maior in ista ecclesia, contulit predicto Capitulo XXIIII*[or] *marcas argenti*".

[61] "*Finita missa de luce debent ire ad sepulturam bone memorie domni Roderici de Moscoso, quondam archiepiscopi Compostellani*".

[62] "*Processio post prima min vita ipsius iudicis [Iohannis Martini de Monteregali] ad archiepiscopos eet post eius obitum ad sepulturam ipsius".*

[63] "*Pro Ruderico Sugerii de Avallo, milite, et pro Petro Franco, clerico chori Compostellani".*

de Aniversarios, Breviario de Miranda, Breviario incunable e *Breviario de don Gaspar de Zúñiga*) coinciden en caseque a súa totalidade. Pero hai unha serie de festas que non foron recollidas en Miranda e si no breviario posterior, aquelas que foron establecidas durante ou despois do pontificado de don Rodrigo de Luna:

- San Sebastián, fundada polo cóengo Xoán Guedeja, que aínda vivía en 1480.
- As tres festas aprobadas polo cabido en 1481, é dicir, a Conversión de San Paulo, Santa María Magdalena e a Transfiguración do Señor.
- A festa de San Lucas, establecida por don Rodrigo de Luna.
- A festa dos santos abulenses Vicente, Sabina e Cristeta, fundada por Afonso Sánchez de Ávila, vivo nas décadas centrais do século XV.
- A festa da Traslación de San Frutuoso, establecida polo cabido en 1467.

Soamente un feixiño de festas foi establecido xa no século XVI, e por iso aparecen soamente no calendario do Breviario de don Gaspar de Zúñiga:

- A Cátedra de San Pedro.
- A moi tardía festa das Once Mil Virxes, fundada en homenaxe a don Gaspar de Ávalos polo agasallo dos reliquias que destas santas trouxera de Colonia.
- A festa da Presentación da Virxe María, establecida en 1526 seguindo os mandatos de Sixto IV.
- A festa de Santo Estevo.

Deste xeito, o calendario dos Libros de Aniversarios, cos seus engadidos, pode axudarnos tamén a datar os cambios que se foron producindo no calendario diocesano, e ó mesmo tempo, a comprender as datas nas que puido ser elaborado o texto litúrxico copiado no breviario de Miranda.

AS CAPAS DA MEMORIA.

O calendario do Tombo de Aniversarios está formado por 412 entradas ou rexistros. Destes, 221 forman parte do que denominamos "*corpus* base", ou sexa, aqueles aniversario e festas que foron incluídos no libro no momento da súa elaboración, cara a 1400. Os restantes 191 foron sumados ó calendario entre os comezos do século XV e mediados do século XVI. A lixeira vantaxe numérica das entradas orixinais, aparece disimulada polo feito de que bastantes dos engadidos son moito máis amplos e detallados nos seus datos, e polo tanto ocupan máis liñas dos códices (gráfica 3).

Dado que o "*corpus* base" deixara numerosos baleiros ó longo do ano, en poucos casos houbo que facer reaxustes á hora de introducir os engadidos. Os casos máis sinalados de cambios de datas estiveron ocasionados pola introdución

de festas novas no calendario eclesiástico que impendía, xa que logo, a celebración do aniversario no día previamente indicado. Polo demais, o calendario xeral apenas se viu modificado pola aparición de novos aniversarios[64].

Gráfica 3

O Tombo non recolle todos os aniversarios fundados na igrexa de Santiago: soamente aquelas mandas máis importantes foron as recollidas do Cabido. Este principio, que sinalabamos á hora da formación dos "aniversarios colectivos", seguiu funcionando ó longo do século XV; é dicir, aquelas mandas de pequeno calibre que ó longo do catrocentos foron destinadas á catedral compostelá, foron destinadas inmediantamente a engrosar o número de lembrados como parte dun colectivo, non como nomes que debían permanecer na memoria.

Diferenciar o "*corpus* base" dos engadidos non é unha tarefa meramente paleográfica. É como unha primeira achega arqueolóxica que nos permite diferenciar un substrato, que corresponde a unha memoria consolidada, doutro estrato correspondente a unha memoria en proceso de creación. O substrato

[64] É certo que o número total de rexistros e entradas supera o número de días do ano. Este resultado ven dado polo feito de que hai festas que se superpoñen a unha memoria e aniversarios posteriores que substitúen a outros anteriores, pero que nós reflectimos na nosa conta. E sobre todo, os aniversarios de finais do XV e principios do XVI comezan a rachar coa idea de manter unha única memoria por día. De calquera xeito, en conxunto as modificacións non son moi notables.

consolidado corresponde coa imaxe que a igrexa de Santiago tiña da súa historia cara a 1400, desde as súas orixes máis míticas ata o anovamento da segunda metade do XIV.

Gráfica 4



Como se pode apreciar (gráfica 4), os aniversarios dotados polos propios cóengos composteláns, acompañados das consabidas doazóns, son o bloque porcentualmente máis sobranceiro. Pero aqueloutros fundados polos diversos monarcas e polos dirixentes da Igrexa -tamén vai incluído aquí o aniversario "*pro summis Pontificibus*"[65]- constitúen tamén unha porcentaxe importante dentro do conxunto. No derradeiro lugar atopamos os leigos, nos que atopariamos tanto a membros da nobreza como da burguesía compostelá. Mesmo se neste grupo fixesemos unha diferenciación entre aqueles que poderiamos incluír dalgún xeito na nobreza -pola presenza das catedorías de "*dompnus*" ou "*dompna*", "*comes*", "*miles*" ou "*scutifer*"- e os que carecen dalgunha destas marcas ou veñen sinalados como "*civites Compostellani*", o predominio dos grupos privilexiados da sociedade é completo (gráfica 5).

[65] Celebrábase o 27 de abril cunha procesión "*ad archiepiscopos*".

Gráfica 5



O bloque de aniversarios anotados ó longo dos séculos XV e XVI amosa un comportamento diferente (gráfica 6), ó mesmo tempo que continúa coa tendencia previa: os cóengos seguen a ser os principais benfeitores da súa propia corporación. Porén, a inexistencia de novos aniversarios reais e o innecesario de crear novos aniversarios colectivos, fai que o predominio porcentual dos capitulares aumente visiblemente, por mais que a aportación do grupo dos leigos acade unha meirande significación.

Gráfica 6



Gráfica 7



Cando examinamos o grupo dos leigos tamén comprobamos que existen cambios respecto o observado no "*corpus* base". Efectivamente, por máis que o que podemos considerar nobreza segue sendo a parte maioritaria do total, a participación dos cidadáns de Santiago sube de maneira significativa (gráfica 7). A diferenza entre os dous grupos aparece ademais distorsionada pola presenza dos 36 aniversarios fundados polo rexedor Francisco Treviño, a quen ben podiamos ter incluído no grupo burgués se non fose polo seu repetido tratamento de "*dompnus*" no texto do Tombo[66]. Neste sentido semella oportuno facer unha comparación entre os dous sectores desglosando as entradas no libro vencelladas á súa figura (gráfica 8).

[66] Na entrada correspondente ó 22 de setembro: "*Pro anima honorabilis viri domni Francisci de Tribinio, qui reliquit Capitulum Compostellanum universalem heredem omnium bonorum suorum, cum onere celebrandi annuatim XXXVI anniversaria, quatuor videlicet in altari maiori et XXXII in coro*". Poderiamos ter incluído a Francisco Treviño dentro do grupo de "cidadáns" de Santiago, dadas as súas actividades como rexedor da cidade ou recadador arcebispal. Porén a súa orixe xeográfica e a súa mesma representación funeraria, onde mestura o traxe civil coa presenza da espada e dos escudos de armas, fai que nos semelle máis coherente incluílo no estamento nobiliar.

Gráfica 8



A comparación entre as gráficas dos grupos sociais presentes nos Libros de Aniversarios nos seus dous principais estratos nos permite facer unha serie de observacións.

a. Ó longo dos séculos os cóengos membros da corporación capitular foron os principais benfeitores desta: xeración tras xeración, os cóengos quixeron ser lembrados nas oracións dos seus compañeiros e sucesores. Deste xeito o patrimonio capitular non deixou nunca de medrar e de se espallar pola cidade e o mundo rural circundante.

b. No século XV desaparece a fundación de aniversarios rexios. Ningún dos monarcas que rexeron a coroa de Castela nesa centuria fundará unha nova memoria na igrexa de Santiago, o que ben podería traslucir que esta sufría unha certa periferización dentro dos acontecementos políticos do reino.

c. Despois de 1400 aumenta a proporción de aniversarios fundados por leigos, especialmente por membros da poboación urbana de Santiago. Aínda que se pode considerar que os aniversarios desta orixe fundados anteriormente desapareceron ó ser incluídos nas memorias colectivas e que poideron ser máis numerosos do que o "*corpus* base"deixa percibir, o século XV renovou a presenza dos burgueses como personaxes a lembrar nas súas memorias. É significativo que sexa o segundo grupo fundador de aniversarios, despois do grupo dos cóengos: unha proba do seu peso social e económico ó longo da centuria.

PROCURANDO UNHA CRONOLOXÍA

Entrar na composición destes dous grandes estratos que acabamos de diferenciar resulta complexo, especialmente no conxunto de rexistros iniciais:

todos os engadidos foron sumados despois de 1400 e algúns deles mesmo levan a data da súa introdución. Porén o conxunto base é a cristalización dunha ampla memoria da que non se aportan cronoloxías. Nese sentido, o libro de aniversarios funciona como un muro que descoñece a diacronía: todas as etapas da historia están situadas ó mesmo nivel.

Pero esta memoria, aínda que sexa puntualmente, acada tempos moi antigos, mesmo lexendarios, e de aí a aparición de dous nomes de comezos do século IX: Carlomagno e Ramiro I. A súa inclusión na lista de reis lembrados anualmente na catedral semella un fito fundacional. Por moito que no século XVI Ambrosio de Morales rosmase contra a memoria do emperador franco[67], os cóengos de finais do XIV non tiñan razóns a Carlomagno –"*qui multa bona contulit ecclesie Compostellane*"- unhas ben merecidas oracións. A *Historia de Turpín* seguía a ser un libro ben coñecido na cristiandade europea[68] e non había necesidade ningunha de negar unhas orixes tan prestixiosas para Santiago como as reflectidas no libro.

O seguinte aniversario pertencente á época fundacional de Santiago estaba dedicado ó rei Ramiro I, "*qui vota donavit Compostellane ecclesie*". O aniversario tiña lugar o cinco de marzo. O "voto de Santiago", consecuencia da fabulosa Batalla de Clavijo, era xa daquela unha importante fonte de renda para os cóengos composteláns[69]. O privilexio, copiado no Tombo B[70], fora confirmado sucesivamente por Afonso XI[71], Pedro I[72] e Enrique II[73]. Neste caso, Morales non

[67] "Es cosa harto notable que a los seis de julio hacen aniversario muy solemne por el emperador Carlomagno, porque dicen hizo grandes bienes y males a aquella santa iglesia; y no hay otro fundamento de esta institución, y es cosa clara, y averiguada que, cuando se halló el Santo Cuerpo del Apóstol, ya Carlo Magno era muerto". MORALES, A. de, *Viage* [...], op. cit., p. 129.

[68] No primeiro terzo do século XIV, probablemente no pontificado de don Berenguel de Landoria, realizáranse tres copias do *Códice Calixtino*, incluíndo o *Pseudo-Turpín.* Vid. MORALEJO, S., "La ilustración del *Códice Calixtino* de Salamanca y su contexto histórico", en VV. AA., *Guía del peregrino del Calixtino de Salamanca,* Salamanca, 1993, pp. 41-51.

[69] PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio del cabildo catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media,* Santiago de Compostela, 1994, pp. 186-201.

[70] O arquivo catedralicio conserva outro traslado solto do Privilexio dos Votos, asinado por Pedro Marcio (ACS, Documentos soltos, cartafol 7, nº 1). A copia do Tombo B (Vid. GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tombo B,* nº 236) carece desta subscrición.

[71] Por privilexio de 12 de xaneiro de 1341. Non se conserva o documento orixinal, senón que está na súa confirmación por Pedro I (ACS, Documentos Soltos, cartafol 7, nº 29).

[72] Confirmación outorgada nas cortes de Madrid a 22 de novembro de 1351.

[73] Confirmación outorgada en Valladolid o 8 de febreiro de 1378. Neste caso o documento dos votos está romanceado (ACS, Documentos soltos, cartafol 8, nº 10).

tivo nada que dicir en contra do cobro dos votos nin da escasa fiabilidade histórica do documento en que estaba baseado[74].

Aínda máis sorprendente resulta atopar na listaxe de memorias a Afonso III e ó seu fillo Ordoño II. Na entrada correspondente ó día 27 de xaneiro sinálase o aniversario "*pro rege domno Alfonso*", sen maior identificación. Pero tamén se advirte que as oitenta libras que se deben repartir por este aniversario proceden "de tenencia de Carcacia", a vila que Afonso III entregara á igrexa de Santiago no ano 867[75] e que posteriormente confirmaría no diploma de dotación da nova basílica por el construída[76].

O seu fillo, Ordoño II aparece moito máis claramente identificado. No 18 de abril a entrada sinala: "*Pro rege domno Ordonio que donavit ecclesie Compostellane villam cum cauto que vocatur Corneliana*". En efecto, no 915 Ordoño II entregou a Santiago a vila de Correlhâ como compensación por non poder cumprir unha manda que deixara o seu pai[77]. Non debe ser unha simple casualidade o feito de que o documento de Ordoño II era unha das poucas pezas altomedievais que os escribas do Tombo B aínda tiveron á súa disposición en 1326 para incluír na súa magna compilación documental[78].

É a partir de comezos do século XII cando os aniversarios comezan a densificarse. Pero tamén cando comezan a diversificarse socialmente: de 1100 a 1400 non soamente serán cada vez máis, senón que tamén incluirán a máis sectores sociais. Segundo nos afastamos do cumio do poder resulta máis complicad identificar os diferentes individuos, non soamente polo preciso mergullo nas fontes documentais, senón tamén polos numerosos casos de homonimia. As seguintes táboas pretenden enmarcar cronoloxicamente algún dos personaxes recollidos nos Libros de Aniversarios.

[74] Mesmo introduce unha loanza a Felipe II na boca dun dos cóengos composteláns pola súa actitude nos preitos xurdidos polo cobro dos votos: "En esta parte se muestran bien agradecidos a V. M. con palabras, pues me dijeron estas: *Buen rey D. Ramiro tenemos en el Rey nuestro Señor.* Esto dicen porque en tiempo de V. M. se van estendiendo los Votos que ellos han pleyteado". MORALES, A. de, *Viage* [...], op. cit., p. 128.

[75] LUCAS ÁLVAREZ, M., *Tumbo A de la catedral de Santiago,* Santiago de Compostela, 1998, nº 5.

[76] O documento, datado no ano 899 en *ibidem*, nº 18.

[77] O documento ten unha doble redacción recollida en *ibidem,* nº 26 e 27.

[78] GONZÁLEZ BALASCH, M . T., *Tumbo B,* nº 210.

Táboa 3: Reis e personaxes das familias reais

Século	Nome	Aniversarios
Século XII	Raimundo de Borgoña[79] (+1109)	3 abril[80] 24 maio[81]
	Urraca (+1126)	16 xaneiro[82] 24 maio
	Afonso VII (+1157)	16 xaneiro
Século XIII	Afonso IX (+1230)	27 setembro[83]
	Afonso de Toulouse e Poitiers (+1271)	31 outubro[84]
Século XIV	Fernando IV (+1312)	7 setembro[85]
	Don Dinís de Portugal (+1325)	17 de maio[86]

[79] Anque Raimundo de Borgoña non gozou do título de rei, o Libro de Aniversarios sinala que a procesión deste día debe facerse "*Ad reges*".

[80] "*Dantur quinquaginta libre de Tenencia de Taberiolis pro comite domno Raymundo qui donavit ecclesie Compostellane dominium de Taberiolis et de Decia*". Non subsiste o texto desta doazón.

[81] "*Pro comite domno Raymundo et uxore sua regina domna Urraqua, filia imperatoris Hispanie domni Alfonsi; qui comes donavit ecclesie Compostellane magnum dominium in civitate Sancti Iacobi et extra*". Trátase dun aniversario compartido ente Raimundo de Borgoña e a súa muller, Urraca. A afirmación sobre o dominio da cidade refírese probablemente ó documento de 1105 que confirma ós foros de Santiago (LUCAS ÁLVAREZ, *Tumbo A,* nº 75), do que existe un traslado do século XIV na colección de documentos soltos (ACS, Documentos Soltos, cartafol 7, nº 2)

[82] Urraca comparte este aniversario co seu fillo, Afonso VII.

[83] "*Pro rege domno Alfonso Legionis*". Se Afonso IX aparece no Libro de Aniversarios é pola súa condición de "gran favorecedor del cabildo compostelano". Vid. PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio del cabildo* [...], op. cit., p. 8.

[84] Este aniversario, encargado polo conde de Tolosa no seu testamento, foi dotado polo rei Felipe III de Francia, seu sobriño, en 1278. GONZÁLEZ BALASCH, *Tumbo B;* nº 192.

[85] "*Pro rege domno Fernando, filio domini regis Sancii". O aniversario foi instituído en 1314 por acordo do arcebispo don Rodrigo Padrón e do Cabido "ad redemptionem et salutem anime illustrissimi et excellentissimi principis domini nostri domni Fernandi ... ac remissionem peccatorum eius, qui Compostellanam ecclesiam dotavit, ditavit et multipliciter honoravit suis magnis donationibus, possessionibus, castris, redditibus, proventibus, privilegiis, sententiis et privilegiorum declarationibus et confirmationibus*". No acordo xa se fixax como día do aniversario "*In vigilia nativitatis Virginis Gloriose*". LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Iglesia de Santiago*, tomo V, Santiago de Compostela, 1898, ap. LV.

[86] "*Pro rege domno Dionisio et pro aliis regibus Portugalie*". Don Dinís non soamente confirmou o dominio do cabido compostelán nas súas propiedades portuguesas, senón

Século	Nome	Aniversarios
	Afonso XI (+1350)	Todos os días 15 de mes, agás marzo (16) e agosto (17)[87] 13 agosto[88] 30 outubro[89]
	Xoana de Castro (+1374)[90]	12 marzo 18 agosto 10 setembro
	Enrique II (+1379)	Todos os primeiros de mes agás xaneiro (3) maio (3) e novembro (3)[91] 31 de maio[92]

que el e a súa muller, Santa Isabel, mantiveron unha relación próxima co arcebispo don Berenguel de Landore.

[87] Son os aniversarios fundados polo seu fillo Enrique II ós que fixemos referenza anteriormente.

[88] "*In festo Sancti Ypoliti, ducentos quinquaginta morabitinos currenti, dantur pro domno Alfonso, rege Casdtelle et Legionis; et debet celebrari in vita sua missa Sancto Spiritu cum processione ad altare Beati Iacobi. Post mortem vero suam dicatur missa de requiem cum processione ad reges. Solvuntur de residuo candelarum*". O *residuo candelarum* fai referencia ás candeas que sufragara Afonso XI para estar colocadas no altar de Santiago en 1245. Hai traslado deste privilexio en ACS, Documentos soltos, cartafol 7, nº 26-1 e tamén no Tombo C, f. 317v.

[89] "*In festo Claudi et Luperci, fit aniversarium pro domino rege Alfonso, qui per misericordiam Dei et auxilio Beati Iacobi apostoli illa die obtinuit victoriam et triunphum contra reges de Benamarim et de Granata. Et celebratur illa die missa in altari Sancti Iacobi. Et solvuntur ducenti et quinquaginta morabitini certos de pecunia candelarum, que faciunt libras XCIII et solidos XV*^{cim}*. Processio ad reges*". Posteriormente se engadiu. "*Ista victoria fuit ista die, era Cesaris Mª CCCª LXXVIIIª, anno Domini Mº CCC XLº, contra reges de Benamarim et de Marrocos et de Fez et de Segulmença et de Tremeçen et de Granata*". A *victoria* é efectivamente a batalla do Salado. Para a referencia ás candeas, ver a nota anterior.

[90] Os aniversarios de dona Xoana de Castro están sempre ligados a súa irmá Milia Pérez.

[91] Son parte dos aniversarios mensuais fundados por Enrique II.

[92] "*In ista ultima die madii per Capitulum et decanum ecclesie Compostellane extitit ordinatum ut de cetero in perpetuum fiat aniversarium pro anima bone memorie domni Henrici, quondam regis Castelle et Legionis, et parentum suorum; et dantur pro eo LXXV libre annuatim, solvende ut supra de bonis ordinis Templi in Salnes et in Moraña, que ipse donavit dicto Capitulo. In qua die ipse rex obiit*". Os bens dos templarios en Salnés e Moraña, xunto co couto de Arcos, foran doados polo rei ó cabido en 1371 (ACS,

Século	Nome	Aniversarios
	Carlos V de Francia (c. 1380)[93]	16 abril 9 outubro
	Xoán I (+1390)	30 de maio[94]

Con esta primeira táboa (táboa 3) podemos corroborar tres premisas: en primeiro lugar, non todos os personaxes dos que sabemos que encargaron aniversarios á catedral están presentes nas páxinas dos libros. A presenza das tumbas reais da raíña dona Berenguela, muller de Afonso VII, e de Fernando II non se ve correspondida pola celebración dunha memoria na súa honra.

En segundo lugar, a decisión de celebrar un aniversario non ten soamente que ver coa decisión dun doante, senón que pode ser unha determinación tomada polo cabido, ben independentemente, ben co concurso do arcebispo. Tal acontece co aniversario de Fernando IV ou os aniversarios de Afonso XI do 13 de agosto e 30 de outubro que semellan non responder tanto á iniciativa do monarca como a unha decisión capitular para situar parte dunhas rendas asignadas polo rei a outra función[95]. Os aniversarios na morte de Enrique II e

Documentos soltos, cartafol 8, nº 4). Non hai un acordo pleno sobre o día exacto da morte do rei.

[93] Carlos V foi o fundador dos aniversarios dos reis de Francia que se debían celebrar na basílica de Santiago. PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio del cabildo* [...], op. cit., p. 15.

[94] "*In ista XXXª mensis madii per Capitulum et decanum ecclesie Compsotellane extitit ordinatum ut de cetero in perpetuum fit aniversarium cum missa cantata de requiem pro anima serenissimi principis domni Iohannis, regis Castelle et Legionis, et filiorum suorum. Et dantur pro eo septuaginta libre annuatim. Solvantur ut supra de bonis ordinis Templi de Arquos de Condesa et de Moraña et de Caldis de Reys in Salnes; que dominus rex Henricus, pater suus, bone memorie, donavit dicto capitulo Compostellano*". Xoán I confirmara a doazón do seu pai en 1379 (ACS, Documentos soltos, cartafol 8, nº 11).

[95] A doazón real estaba destinada a sufragar tres candeas que debían arder día e noite diante do altar do Apóstolo: "ponemos a vós el cabildo de la dicha iglesia de Santiago que tengades de nós en cada año para siempre jamás tres mill et seisçientos moravedis pera tres candelas que ardan en el altar del dicho Santo Apóstolo continuadamente; et que aya en las dichas tres candelas dos libras et que las façan fazer tales que duren todo el dia et la noche" (ACS, Documentos Soltos, cartafol 7, nº 26-1). En 1346 o rei aumentou a dotación, desta vez co gallo de alumear dúas lampadas de prata con que agasallara o altar apostólico: "ponemos a vós, el cabildo de la dicha iglesia de Santiago, que tengades de nós de primero de año de la era desta nuestra carta en adelante en cada año para siempre, mil moravedís desta moneda que fazen diez dineros el moravedí; e que los ayades e reçibades en las rentas del nuestro alfolí de la sal de la villa de Pontevedra en cada año, de los primeros e mejor parados. Et vós, el dicho cabildo, que seades tenudos de fazer alunbrar e alunbredes para siempre de noche e de día las dos

Xoán I, sostidos coas rendas da Tenza do Temple, semellan na súa formulación un acto de agradecemento capitular á doazón dos bens dos templarios, como se colixe da expresión "*per capitulum et decanum ecclesie Compostellanum extitit ordinatum*"[96].

En derradeiro termo, é constatable a densificación das memorias no século XIV: ningún dos monarcas que reinaron neste século na coroa de Castela carece dun aniversario propio e mesmo algunha das monarquías veciñas, caso de Portugal e Francia, atopan o seu lugar dentro do calendario funerario da catedral compostelá. Algunha destas características podemos observalas tamén nos restantes estratos sociais.

Táboa 4. Personaxes de rango espicopal

Século	Nome	Aniversario
S. XII	Diego Xelmírez[97] (+ 1140)	2 setembro
	Pedro Elías (1143-1149)[98]	3 de decembro
	Pedro de Ponte, bispo de Ciudad Rodrigo[99] (1174-1189)	7 febreiro
S. XIII	Martiño, bispo de Zamora (1193-1223)[100]	9 agosto[101]

lámparas de plata que nós possiemos ante el altar del dicho santo apóstolo" (ACS, Tombo C, f. 318r)

[96] O documento de doazón a prol do cabido non explicita ningunha contrapartida por parte dos capitulares pola recepción da xenerosidade rexia.

[97] "*Pro archiepiscopo Didaco Alvarez. Et debent celebrari missa in altari Sancti Iacobi*". O erro no apelido é evidente: non existiu ningún arcebispo Diego Álvarez. O apelido Xelmírez, fora de circulación no século XIV, foi interpretado polo copista da maneira máis doada.

[98] As datas das prelaturas dos arcebispos compostelans están tomadas de GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., *El Arzobispo de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*, Sada, 1996, pp. 369-373.

[99] Notario da chancelaría de Fernando II, foi logo premiado co bispado de Ciudad Rodrigo. Aproximamos as datas do seu episcopado pola súa presenza nas confirmacións dos diplomas rexios de Fernando II e Afonso IX. Probablemente formou parte do cabido de Santiago, como moitos dos notarios e subnotarios de Fernando II.

[100] En 1193 aparece como "electo"para a diocese zamorana, segundo un documento do Tombo C. LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia...*, Tomo V, p. 41. A súa fundación de Trasouto foi protexida por Afonso IX (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B*, nº 47), e a ela se retirou cara a 1220. Alí morreu en 1223 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo V, p.118).

Século	Nome	Aniversario
	Bernardo II (1224-1237)	20 novembro[102]
	Xoán Airas (1237-1266)	16 xuño[103]
	Gonzalo Gómez (1273-1279)	23 de xullo[104]
	Simón, arcebispo de París (c. 1300)[105]	22 abril
S. XIV	Bernardo, bispo de Badajoz (c. 1304)[106]	19 xullo

[101] "*In ista die, scilicet vigilia Beati Laurencii, que occurrit IXª die mensis augusti, pro domno Martino, quondam episcopo Zamorensi, qui construxit ecclesiam et locum Sancti Laurencii de Trasouto, et in ipsa ecclesia est sepultus".* No testamento de don Martín sinalábase unha renda para a celebración do seu aniversario: "*De illis possessionibus aut vineis que empte fuerint pro mille aureis, fiat cultura vinearum, et de redditibus earumdem possessionum et vinearum annis singulis in festo Sancti Laurentii dentur C solidi pro anniversario meo Capitulo Sancti Iacobi".* LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo V, ap. XII.

[102] O aniversario fora dotado por Bernardo II en 1238 por medio dunha doazón ó cabido: "*Dictum Capitulum habeat libere omnem dictam hereditatem meam cum omni populatione que pro me hodie in ea est, et faciat mihi anniversarium in die obitus mei, tam ex illa hereditate quam ex possessionbus quas emit Ioannes Pelagii, cardinalis, de marcis C emi dedi ad emendas possessiones ad augmentum anniversarii mei et similiter ex pecunia qwuam ei committo ad ementas possessiones ad augmentum anniversarii mei sepedicti; que pecunia est marce CXXX et tertia unius marce argenti, et libre C XXXII de turonensibus et libre CV de Legionensibus". Ibidem*, ap. XX.

[103] No seu testamento, don Xoán Airas instituía un aniversario sobre unha viña en Cesures e unha casa en Santiago e sinalaba que "*volumus quod fiat quolibet anno in die sepulture nostre pro nobis aniversarium, secundum quod eis visum fuerit".* O desexo non se cumpriu, xa que segundo unha nota existente no Tumbillo de Concordias, o arcebispo *clausit diem extremum apud Rocha Forte IIII nonas maii in era MCCCIIII.* LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia* […], op. cit., tomo V, ap. XXXVII y XXXVIII.

[104] Dadas as circunstancias nas que rematou o pontificado de don Gonzalo Gómez, expulsado de Santiago por Afonso X, o seu aniversario semella máis ben unha iniciativa dun dos membros do seu cabido, o arcediago Raimundo Arnáldez, con quen comparte aniversario este día.

[105] A data corresponde á comunicación do legado testamentario expedida pola curia arcebispal parisina, contida no Tombo B (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B,* nº 204).

[106] Para este bispo de Badajoz damos a data na que aparece confirmando un documento de Fernando IV no Tombo B (*ibidem,* nº 108). Ó que semella era de orixe santiaguesa, xa que no aniversario se fai referencia ó seu avó, don Martín Vidal.

Século	Nome	Aniversario
	Rodrigo Padrón (1305-1316)	4 febreiro[107] 22 outubro
	Gonzalo de Moscoso, bispo de Mondoñedo (1319-1326)[108]	4 xaneiro
	Berenguel de Landore (1318-1330)	30 abril[109] 26 xuño[110] 5 agosto
	Rodrigo Eanes de Parada[111], bispo de Tui (+1335)[112]	26 novembro

[107] En 1316 o cabido decidiu celebrar anualmente unha misa polo arcebispo Rodrigo Padrón no día seguinte á festa da Purificación: durante a vida do arcebispo a misa sería do Espírito Santo, e despois da súa morte, de requiem (LÓPEZ FERREIRO, *Historia* […], op. cit., tomo V, ap. LIX). Aínda que trasladada o día catro, esta semella ser a orixe deste aniversario.

[108] CAL PARDO, E., *Episcopologio Mindoniense,* Mondoñedo-Ferrol, 2003, pp. 156-159.

[109] "*In ista die ultima mensis aprilis, scilicet in vigilia apostolorum Philippi et Iacobi, pro archiepiscopo domno frate Berengario et pro Fernando Martini Serpe, canonico Compostellano*". A iniciativa de crear este aniversario foi do cóengo, "*prout instrumento inter ipsum et dictum Capitulum confecto plenius continetur" (*LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia* […], op. cit., tomo VI, pp. 102-103). A lembranza de don Berenguel, promotor do relicario para a cabeza de Santiago Alfeo, facíase necesaria (*Hechos de don Berenguel de Landoria, arzobispo de Santiago,* Santiago de Compostela, 1983, pp. 158-161).

[110] En 1321 don Berenguel cedeu ó cabido unha parte do portádego do viño que entraba na cidade de Santiago. En correspondencia o cabido comprometeuse a celebrar dous aniversarios polo arcebispo: un na vixilia de San Pedro e San Paulo e outro no día de San Domingos, fundador da orde dos predicadores á que pertencía o prelado (*Hechos de don Berenguel de Landoria,* ap. 2). O presente aniversario foi desprazado para colocar outro do conde de Ribadeo, pero nos libros aínda se escribiu *in vigilia apostolorum Petri et Pauli*, aínda que logo foi raspado.

[111] "*Pro domno Roderico Iohannis de Parada, quondam Tudensi episcopo, nepote domni Roderici Patrono, olim archiepiscopi Compostellani".* Previamente fóra arcediago de Nendos en Santiago e bispo de Lugo. LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia* […], op. cit., tomo V, p. 349.

[112] FLÓREZ, E., *España Sagrada,* p. 176: "El obispo don Rodrigo falleció antes del 11 de mayo de 1335, porque en aquel día se hizo inventario de las alhajas, y se entregaron al cabildo por los *executores do testamento de noso señor don Rodrigo, bispo que foy,* como existe en el archivo en el libro de Pedro de Lagea, fol. 17".

Século	Nome	Aniversario
	Gómez Manrique (1351-1360), logo arcebispo de Toledo ata 1375	Aniversario mensual: 9 xaneiro, 10 febreiro, 6 marzo, 7 abril, 8 maio, 7 xuño, 8 xullo, 7 agosto, 9 setembro, 7 outubro, 7 novembro, 9 decembro. 19 decembro[113].
	Philippe de Chambarlhac, arcebispo de Nicosia, en Chipre (1345-1360), morto probablemente en 1361[114].	4 de maio[115]
	Suero Gómez de Toledo (1362-1366)	30 xuño[116].
	Afonso Sánchez de Moscoso (1367)	22 xullo[117].
	Gil de Albornoz, cardeal (+1367)	29 xullo[118]

[113] Corresponde a un dos tres aniversarios fundados polo seu sobriño o arcebispo Juan García Manrique.

[114] GREMAUD, J., "Philippe de Chamberlhac, évêque de Sion et de Nice, archêveque de Nicosie", *Société historique et archéologique du Périgord,* vol. VI, 1879, pp. 273-276.

[115] "*Reverendus pater domnus Philippus de Chanbarlaco, legum doctor et canonicus istius ecclesie, post promotus in archiepiscopum Nicociensem, veniens in peregrinationem ad Sanctum Iacobum, ordinavit fieri pro anima sua et parentum et benefactorum suorum perpetuum aniversarium".* A noticia de que era cóengo de Santiago está xa confirmada en 1337 (VIDAL, J. M., *Benoit XII. Lettres communes*, París, 1903, p. 392).

[116] Dada a morte inopinada deste arcebispo, asasinado por orde de Pedro I, o seu aniversario foi fundado polo chantre Tomé González, a quen debemos considerar "criado" da súa casa: "*Ordinatum est per somnum Thomam Gundisalvi, cantorem Compostellanum, de consensu et auctoritate decani et Capituli ecclesie Compostellane, quod XXX die mensis iunii, in qua occurrit festum apostolorum Petri et Pauli, fieret aniversarium pro anime recolende memorie domini sui domni Dugerii, quondam Compostellani*". En 1392 o cabido autorizara ó chantre "que posades faser vosa sepultura ena dita claustra nova acerqua dos pees da sepultura do arcibispo don Sueyro, que foi" (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo VI, p. 280).

[117] Este aniversario foi costeado polo cardeal Gonzalo Pérez de Pallares: "*Ordinavit Gundisalvus Petri de Pallares, cardinalis Compostellanus, quod de cetero fieret aniversarium in perpetuum pro anima sua et domni Alfonsi, quondam archiepiscopi Compostellani".*

[118] Este aniversario foi encargado e dotado polo cóengo Rodrigo Rodríguez no seu testamento: "Que outrossy façan cadano para sempre huun aniversario porlo cardeal

Século	Nome	Aniversario
	Rodrigo de Moscoso (1368-1382)	26 abril[119] 4 outubro 25 decembro
	Xoán García Manrique (1383-1398)[120]	8 agosto 14 setembro 16 setembro 17 setembro

A nómina de bispos e arcebispos contida nos Libros de Aniversarios (táboa 4) retrotráense, xa que logo, ás mesmas orixes da arquidiocese compostelá, ata o que poderiamos considerar o seu fundador, Diego Xelmírez. A memoria da sucesión episcopal era clara e lineal, como o amosa o feito de que dentro dos apéndices que completan os folios do Tombo apareza unha listaxe de arcebispos que partindo desde Xelmírez vai sendo continuada ata acadar a figura de Afonso de Fonseca III. Tamén neses folios incorpora as necrolóxicas dos tres primeiros arcebispos do século XV: Lopo de Mendoza[121], Álvaro de Isorna[122] e

dom Gil en huun dia qual oa ditos sres. Dean et cabidoo con os meus herees virem que he bem" (LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia histórica,* nº LXXXI). Así se consigna no Libro de Aniversarios: "*Fit aniversarium pro anima magne memorie domni Egidii, quondam cardinalis Romani, secundum quod Rodericus Roderici, quondam canonicus Compostellanus, in suo testamento ordinavit".*

[119] Don Rodrigo de Moscoso deixou varias fundacións polo seu testamento, pero non coñecemos todas as súas cláusulas (IDEM, *Historia* […], op. cit., tomo VI, ap. XXXVI). Cada un dos aniversarios por el fundados, está situado sobre bens diferentes.

[120] Os seus aniversarios foran acordados co cabido en 1384, como xa temos sinalado. No cadro aparecen recollidas a festa de Santa María das Neves (8 de agosto) e a de Santa Eufemia (16 de setembro). A festa de Santa Ana non aparece no "corpus base", senón nos engadidos. Propiamente os aniversarios son os do 14 e 17 de setembro. O Tombo de Aniversarios aínda recolle a Festa da Circuncisión o primeiro de xaneiro, creada por iniciativa do arcebispo Manrique.

[121] "*Anno a nativitate Domini millessimo quadringentessimo quadragessimo quinto, die martis, tercia mensis februarii, defunctus fuit reverendissimus in Christo pater dominus domnus Lupus de Mendoça, archiepiscopus Compostellanus, qui vixit in archiepiscopatu quadraginta et sex annos vel quasi".*

[122] "*Anno a nativitate Domini millesimo quadringentesimo quadragesimo nono, die dominica, que fuit nona mensis februarii, post mediam noctem, obiit reverendissimus in Christo pater et dominus dominus Alvarus de Isorna, archiepiscopus Compostellanus; et fuit perlatus in ecclesiis cathedralibus Mindoniensi, Legionensi, Conchensi et Compostellana in quinquaginta annis vel quasi. Et dimisit multa bona Ecclesie Compostellane. Cui anime Deus parcat et requiescat in eternum in pace, amen".*

Rodrigo de Luna[123].

Que despois do arcebispo Pedro Elías ata don Bernardo II non se recollan aniversarios non é logo por descoñecemento, falta de información[124] ou inexistencia de fundacións[125]. A única razón pola que estes aniversarios arcebispais non aparecen no Tombo é pola necesidade de deixar lugar a outras memorias de meirande interese para o cabido cara a 1400. Os antigos arcebispos verían así recollida a súa memoria nun aniversario colectivo o 10 de maio[126]. Máis sorprendente que a desaparición dos aniversarios dos arcebispos do século XII é que se decidise manter o de don Pedro Helías.

Chama tamén a atención a ausencia de aniversarios os dous arcebispos o segundo cuarto do século XIV: Xoán Fernández de Limia e Martín Fernández de Gres. Os dous eran membros de coñecidas liñaxes nobiliarias galegas e tiñan parentes na corporación capitular, algún deles fundadores de memorias funerarias. Porén, non hai rastro documental de que gozasen dalgún tipo de fundación piadosa. A liñaxe dos Moscoso, pola contra, non deixou de se promocionar por medio de varios aniversarios.

Os baleiros foron aproveitados polos capitulares para inserir algúns nomes que desen fe da importancia de sé compostelá, en primeiro lugar como capital dunha arquidiocese, mantendo o vello aniversario de Pedro da Ponte, bispo de Ciudad Rodrigo no século XII, e inserindo o dun breve bispo de Badajoz de comezos do XIV. Ámbolos dous eran ademais testemuño das posibilidades de promoción ó episcopado dos membros do cabido catedralicio. En segundo lugar foron incorporados persoeiros como os arcebispos de París e de Nicosia e o cardeal romano Xil de Albornoz: amosábase así a relevancia internacional que o santuario de Santiago aínda mantiña na cristiandade, por moito que esta estivese escindida polo cisma. O piadoso don Martiño, bispo de Zamora fundador de San Lourenzo de Trasouto, onde xacía sepultado, e don Rodrigo Eanes de Parada, bispo de Tui e sobriño de don Roi Padrón, completaban deste xeito unha ben poboada nómina episcopal.

Aínda que a fundación dun aniversario por parte de reis e prelados

[123] "Anno Domini Mº CCCCº sexagesimo, a primeiro dia de julio, falesçeu o arçobispo don Rodrigo de Luna ena Rocha de Padron, en dia martes*".*

[124] Sen ir máis lonxe, no aniversario de 17 de febreiro por *domno magistro Petro, scolastico Compostellano*, o compilador sinala que era sobriño do arcebispo Pedro Muniz.

[125] López Ferreiro recolle a referencia de que o aniversario do arcebispo Pedro Suárez debía ter lugar no día de San Tomé mártir (LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia* […], op. cit., tomo V, p. 44).

[126] "*In ista die X mensis madii pro episcopis et archiepiscopis Compostellanis*".

prestixiaba os receptores, a maioría das memorias contidas no calendario eran dotadas polos mesmos capitulares. Isto non quere dicir que todos os cóengos fundasen aniversarios. Descoñecemos o total de fundacións realizadas polos cóengos, xa que moitas delas, cando se realizaron os Libros de Aniversarios foron englobadas nunha memoria colectiva no día 16 de maio. Ó mesmo tempo, descoñecemos o número total de cóengos do cabido nos nosos séculos, xa que unha cousa eran os límites teóricos impostos polas constitucións e outra a realidade. Ademais, ata finais do século XIV non contamos con rexistros máis ou menos continuados da asemblea capitular. Para os momentos anteriores temos que nos conformar coas listas que nos proporcionan documentos espallados. Así, mentres que para determinados momentos contamos con listaxes frecuentes, noutros non temos máis que datos espallados. Por se isto fose pouco, debemos contar tanto co absentismo capitular daqueles cóengos que estaban fora realizando algún tipo de función e daqueloutros que, nomeados pola curia papal, nunca chegar a poñer o pé en Santiago[127].

É por iso que deseñar unha táboa cronolóxica dos cóengos que fundaron os aniversarios recollidos no Tombo é unha tarefa, cando menos complicada, que aínda se ensarilla máis polos múltiples casos de homonimias que poden facer trabucar a un personaxe con outro (táboa 5). Ademais, o Tombo dá a dignidade que tiña o fundador na hora de encargar o seu aniversario, e é ben sabido que algúns dos cóengos facían carreira, ascendendo desde o simple canonicato ata algunha das dignidades maiores[128]. Tendo en conta estas dificultades e sabendo que algunha das identificacións aquí feitas deberían revisarse con maior apoio documental, pensamos que a seguinte táboa reflicte o reparto cronolóxico dos capitulares como fundadores de aniversarios.

Táboa 5: Capitulares nos aniversarios do "*corpus* base"

Século	Nome	Dignidade	Aniversario
Século XII	Pedro Vela[129]	Arcediago	2 marzo

[127] Sobre toda esta problemática: PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *La iglesia de Santiago de Compostela en la Edad Media*, Santiago, 1996, pp. 100-108.

[128] É o caso do arcediago de Reina Xoán Patiño, quen ata 1326 ocupara a tesourería. O Tombo de Aniversarios o sinala coa dignidade de arcediago. Nesta ocasión temos a documentación que nos permite identificar a Xoán Patiño, tesoureiro, con Xoán Patiño, arcediago. Pero isto non acontece sempre.

[129] Aparece por primeira vez como cóengo de Santiago en 1164 (LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, P., *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes,* I, Madrid, 1976, nº 22). En 1174 exerce xa como arcediago de Nendos e notario do rei Fernando II, posto co que continuará no reinado de Afonso IX. As súas últimas aparicións documentais corresponden ó ano 1201.

Século	Nome	Dignidade	Aniversario
Século XIII	Martín Eanes[130]	Chantre	Semana da festa de San Martiño[131] IV semana de Pascua[132].
	Raimundo Arnaldo[133]	Tesoureiro	23 xullo
	Pedro Ougel[134]	Cardeal	1 novembro
	Martín Ordóñez[135]	Cóengo	10 marzo
	Xoán Pérez[136]	Cóengo	2 febreiro[137]
	Xoán Ladrón[138]	Cóengo	28 xaneiro

[130] Exerceu como xuíz entre 1194 e 1202, pasando despois ás dignidades de mestrescola e chantre (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *La Iglesia de Santiago* […], op. cit., p. 72).

[131] "*In eodem mense novembris, per totam ebdomadam in qua occurrit festum Sancti Martini, incipiendo die dominica ad missam maiorem quando cantatur "Agnus Dei", et in aliis diebus ad missam de prima, pro cantore domno Martino Iohannis, nepote dominorum decanorum Compostellanoru, dantur cotidie denarii duo Legionenses cuilibet canonico et unus cuilibet maniapane per tenenciarium ipsorum decanorum"*·.

[132] "*Per totam ebdomadam de Cantate, pro cantor domno Martino Iohannis, dantur cotidie duo denarii Legionenses cuilibet canonico et denarius unus cuilibet maniapane per tenencia Decanorum, incipiendo die dominica ut supra in ebdomada de Sancti Martini*".

[133] Aparece como tesoureiro en 1194 (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B,* nº 233) e en 1212 (ACS, Tumbo C, f. 204).

[134] Penso que este Pedro Ougel é a forma galega do personaxe que aparece co nome latino de *Petrus Eugerii* ou *Ogerii*, primeiro como cóengo subdiácono, cara a 1184, (Tombo C, f. 190r) e finalmente como cardeal en 1213 (Tombo C, f. 172r).

[135] Asina o testamento do cóengo Adán Fernández en 1232 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica,* nº XXXVI).

[136] Irmán do mestrescola Pedro Pérez e sobriño polo tanto do arcebispo Pedro Muniz. Outorgou testamento en 1245 (*ibidem*, nº LII).

[137] Segundo o testamento, este aniversario estaba dotado sobre a metade dunha casa na Praza do Campo e unhas herdades e ortos en Solovio e Belvís, dos que se debía pagar ó cabido cen soldos, que o seu irmán Pedro podería reubicar no caso de que quixese quedar con estas propiedades. Logo, "*clericus qui tenuerit denarios de matutinis incipat in kalendis februarii et det cuilibet canonicorum qui venerit ad missam de prima quando cantaverit Agnus Dei binos denarios cotidie dum duraverint".* Practicamente do mesmo xeito se explica o Tombo de Aniversarios: "*In prima ebdomada istius mensis februarii incipiendo prima dominica mensis ad primam, pro domno Iohanne Petri, fratre domini magistri Petri scolastici. Dantur libre XXXª in quantum duraverint, scilicet, cotidie denarii duo cuilibet canonico et denarii uno maniapane".*

[138] Documentado entre 1227 e 1250 (SOUTO CABO, J. A., *Os cavaleiros que fizeram as cantigas*, Salamanca, Niterói, 2012, pp. 110-111).

Século	Nome	Dignidade	Aniversario
	Xoán Palla[139]	Cóengo	14 febreiro
	Afonso Eanes de Saz[140]	Cóengo	18 setembro
	Xoán Muniz[141]	Cóengo	12 de abril
	Mestre Pedro[142]	Mestrescola	17 febreiro[143]
	Lourenzo Domínguez[144]	Cardeal	Segunda semana de febreiro[145]
	Munio Fernández[146]	Arcediago	4 novembro
	Pedro Abril[147]	Tesoureiro	17 marzo
	Xoán Pérez de Tui[148]	Cóengo	1ª semana de advento
	Fernando Afonso[149]	Deán	12 agosto
	Martín Abril[150]	Cóengo	17 marzo
	Xoán Afonso[151]	Cóengo	21 febreiro

[139] Activo a mediados do século XIII (LÓPEZ FERREIRO, A., *Fueros municipales de Santiago y su tierra,* Madrid, 1975, pp. 237, 240).

[140] Outorgou o seu testamento en 1259. IDEM, *Historia* […], op. cit., tomo V, p. 355.

[141] Documentado entre 1253 e 1265 (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio* […], op. cit., pp. 25.63).

[142] Irmán de Xoán Pérez e sobriño do arcebispo Pedro Muniz. Segundo López Ferreiro, outorgou o seu testamento en 1267 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo V, p. 355).

[143] "*Pro domno magistro Petro, scolastico Compostellano, nepote archiepiscopi domni Petri Muniz*".

[144] Outorgou o seu testamento en 1276 (IDEM, *Galicia Histórica*, nº XLVI).

[145] Pide no seu testamento que a distribución se faga "*secundum modo et tenore testamenti donno Iohannis Petri de Moneta Grandi"* (*ibidem*, nº XLVI). Así o recolle tamén o aniversario: "*In dicta IIª ebdomada dicti mensis, pro cardinali domno Laurencio Dominici dantur libre sesaginta in quantum duraverint, dando cotidie denarios duos cuilibet canonico et denarium unum cuilibet maniapane".*

[146] A súa derradeira mención semella ser de 1279 (GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., *El arzobispo de Santiago* […], op. cit., p. 406).

[147] Outorgou testamento en 1279 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica,* nº LIII).

[148] Documentado en 1285 (IDEM, *Historia* […], op. cit., tomo V, p. 249).

[149] Fillo do rei Afonso IX, morreu en León en 1286 (PÉREZ RÓDRÍGUEZ, F. J., *La iglesia de Santiago de Compostela* […], op. cit. , p. 103).

[150] Irmán de Pedro Abril, era tamén tesoureiro na catedral de Ourense e outorgou o seu testamento en 1292 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo V, p. 355). Os dous irmáns compartían aniversario: "*Pro thesaurariis domno Petro Aprilis et domno Martino Aprilis, dantur libre LXXXª de tenencia predicti domni Petri Aprilis et de domos Vallis Dei, que fuerunt dicti domni Martini Aprilis".*

Século	Nome	Dignidade	Aniversario
	Fernando Frutuoso[152]	Tesoureiro	16 decembro
	Vasco Gómez[153]	Cóengo	9 agosto
Século XIV (1ª metade)	Pedro Afonso[154]	Mestrescola	3 outubro
	Lourenzo Pérez[155]	Chantre	11 agosto
	Fernán Airas de Crenza[156]	Cóengo Arcediago de Miñor	26 xaneiro
	Sancho Fernández[157]	Arcediago	24 decembro
	Airas Eanes de Crenza[158]	Cóengo	14 agosto
	Gonzalo García de Parada[159]	Cóengo	1 novembro
	Fernando Martíns Serpe[160]	Cóengo	30 abril
	Xoán Patiño[161]	Arcediago de Reina	26 marzo
	Bernaldo Eanes do Campo[162]	Cóengo Arcediago de Tineo	25 agosto

[151] Outorgou o seu testamento en 1296 (*ibidem*, p. 355).
[152] Outorgou o seu testamento en 1300 (*ibidem,* p. 355).
[153] Era sobriño do bispo de Zamora don Martín, fundador de San Lourenzo de Trasouto, polo que debeu desenvolver a súa vida nos anos centrais do século XIII.
[154] Documentado en 1314 (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio* […], op. cit., p. 17).
[155] Documentado entre 1317 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo *VI,* ap. I) e 1348 (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio* […], op. cit.., p. 155).
[156] Aparece sen o apelativo "De Crenza" como testemuña en 1316, pero podemos identificalo porque se sinala que é "*archidiacono Tudensi*". GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B,* nº 230.
[157] Localizado entre 1306 (ACS, Tumbo C, f. 266) e 1327 (ACS, Tumbo C, f. 267v).
[158] Identificámolo cun Aras Eanes que aparece en 1320 (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B,* nº 113).
[159] O seu nome aparece nun documento de 1324 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo VI, ap. VIII).
[160] Documentado en 1326 (IDEM, *Galicia histórica,* nº LXXI).
[161] Nomeado tesoureiro en 1316 (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *La Iglesia* […], op. cit., pp. 202-203), ascendeu a arcediago de Reina en 1324, cando a tesouraría foi ocupada por Aimerico de Anteiac (REY SOUTO, J. A., "Alcance y significado del Tumbo B", en GONZÁLEZ BALASCH, M. T. *Tumbo B […],* pp. 20-22).
[162] Documentado entre 1337 (LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia […], VI,* ap. XXIII) e 1345 (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B,* nº 0).

Século	Nome	Dignidade	Aniversario
	Nicolao Domínguez[163]	Xuíz de Luou	29 setembro 11 novembro 1ª semana de setembro
	Xoán Domínguez Touro[164]	Cardeal	29 setembro 11 novembro 1ª semana de setembro
	Xoán Afonso de Salas[165]	Tesoureiro	2 decembro
	Nuno González[166]	Arcediago de Reina	27 novembro
	Sueiro Gómez[167]	Chantre	20 outubro
Século XIV (2ª metade)	Afonso Sánchez de Gres[168]	Arcediago de Trastámara	24 agosto 2º semana de Coresma
	Álvaro Páez de Soutomaior[169]	Arcediago de Salnés	2 agosto[170]
	Xoán Afonso de Toiriz[171]	Cóengo	29 xaneiro 30 agosto

[163] Documentado entre 1337 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo VI, ap. XXV) e 1345 (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B,* nº 0).

[164] Polo momento non atopamos referencias documentais a este cardeal, pero o colocamos despois de Nicolao Domínguez xa que ámbolos dous compartían aniversarios.

[165] Posiblemente creado cóengo en tempos de Bonifacio VIII, cara 1300 (DIGARD, G., *Les registres de Boniface VIII, VI,* París, 1891, nº 3707), desaparece da documentación despois de 1349 (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio* […], op. cit., p. 155).

[166] Documentado entre 1337 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., VI, ap. XXV) e 1345 (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., Tumbo B, nº 0).

[167] Está documentado entre 1341 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo VI, ap. XXV) e 1350 (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *La Iglesia de Santiago* […], op. cit., p. 105).

[168] Arcediago de Trastámara polo menos entre 1356 e 1366 (REY SOUTO, J. A. e FRAMIÑÁN SANTAS, A., "Os tempos medios", en CORES TRASMONTE, B. (dir.), *Historia de Cee,* Cee, 1999, p. 182.

[169] Documentado en 1368 (GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., *El arzobispo de Santiago* […], *op. cit.,* p. 209).

[170] "*Domnus Alvarus Pelagii de Saltu Maiori, archidiaconus de Salnes, ordinavit quod fieret aniversarium annuatim de cetero pro anima patris sui, Fernandi Iohannis de Saltu Maiori, et pro remedio anime sue ... Solvi per redditus casalium, domorum hereditatum et vinearum quo et quas habebat in loco de Lentanoo et in tota parrochia et ecclesie Sancte Marie de Paradela, quos et que dictus archidiaconus dedit et asinavit predicto Capitulo per Gundisalvi Sugerii, notarium Compostellanum*".

[171] Documentado en 1371 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo VI, ap. XXXI).

Século	Nome	Dignidade	Aniversario
	Fernando Ximénez[172]	Xuíz de Luou	28 xullo
	García González[173]	Arcediago de Reina	10 novembro
	Bernaldo Martíns[174]	Cóengo	27 marzo 25 de agosto
	Xoán Rodríguez[175]	Cóengo	2ª semana de febreiro
	Xoán Sánchez de Canas[176]	Xuíz de Vellestro	16 agosto
	Rodrigo Rodríguez[177]	Cóengo	21 xaneiro 22 xaneiro 3 setembro
	Xoán Núnez[178]	Deán	21 de outubro Semana despois de 21 de outubro
	Xoán Domínguez[179]	Cardeal	8 abril
	Bernaldo Domínguez[180]	Cardeal	.20 agosto
	Pascual Fernández de Canas[181]	Xuíz de Vellestro	13 decembro
	Afonso Fernández Niño[182]	Deán de Tui Cóengo de Santiago	17 febreiro e oito días seguintes

[172] Documentado entre 1349 e 1371 (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio* […], op. cit., pp. 155 e 24.
[173] Localizado en 1371 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo VI, ap. XXXI).
[174] Aparece no mesmo documento da nota anterior.
[175] Rexistrado entre 1334 (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio* […], op. cit., p. 24) e 1371 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo VI, ap. XXXI).
[176] Documentado entre 1336 (VIDAL, J. M., *Benoit XII. Lettres communes*, París, 1903, p. 303) e 1376, ano no que xa se conta como desaparecido no testamento de Rodrigo Rodríguez (LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica,* nº LXXXI).
[177] O *bo cóengo* outorgou o seu testamento en 1376, como sinalaba na nota anterior.
[178] Deán polo menos entre 1369 (IDEM, *Historia* […], op. cit., tomo VI, ap. XXIX) e 1377 (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio* […], *op. cit.,* p. 17).
[179] Documentado entre 1380 e 1385 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo VI, app. XXXIV e XXXIX).
[180] Aparece na documentación en 1371 (*ibidem,* ap. XXXI). A última vez que volve aparecer é en 1387 (IDEM, *Galicia histórica,* nº XCV).
[181] Comparte datas de aparición con Xoán Domínguez.
[182] Documentado en 1385 (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B,* nº 361).

Século	Nome	Dignidade	Aniversario
	Gonzalo Pérez[183]	Cóengo	27 agosto
	Toribio Fernández[184]	Arcediago de Trastámara	21 agosto
	Xoán Sen Mal[185]	Cóengo	10 xullo
	Fernando Abril[186]	Cóengo	Martes despois da Ascensión
	Pedro Afonso de Pallares[187]	Cardeal	17 febreiro e oito días seguintes
	Gonzalo Afonso de Pallares	Cardeal	17 febreiro e oito días seguintes
	Rodrigo Gómez Xarpa[188]	Cóengo	10 decembro 12 decembro
	Tomé González[189]	Chantre	21 agosto

A presente táboa presenta evidentes limitacións: as homonimias, cando no rexistro documental non se rexistra máis que o nome e o patronímico; pero sobre todo, os tramos da historia da igrexa compostelá que quedaron máis na sombra pola perda de documentación. A estes 55 nomes que contén a táboa habería que sumar outros catorce que non se puido identificar[190]. En total 69 cóengos anteriores a 1400 que eran lembrados polos seus sucesores no cabido.

[183] Documentado tamén en 1385 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo VI, ap. XXXIX).

[184] Este arcediago de Trastámara *sepultus Avinione*, estaba xa morto en 1392 (CABANA OUTEIRO, A., *O Tombo H da catedral de Santiago,* Valga, 2003, nº 9).

[185] Documentado en 1392 (*ibidem,* nº 9).

[186] En 1395 recibe do cabido un casal que anexar á Tenza de Fernán Chapín (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio* […], op. cit., p. 62).

[187] En 1397 creou un aniversario por el e polo seu irmán Gonzalo Pérez de Pallares (*ibidem,* p. 62).

[188] Exercía en 1397 como vicario do arcediago de Trastámara (IDEM, *La iglesia de Santiago* […], op. cit., p. 107).

[189] Segundo a inscripción do arcosolio do seu sepulcro, morreu en 1402 (TAÍN GUZMÁN, M., *Dibujos históricos, epigráficos y heráldicos del archivo de la catedral de Santiago,* A Coruña, 2002, p. 115).

[190] En concreto son: Bernaldo Abril, o arcediago de Cornado Guillerme Barral, Martín Airas, o cardeal Martín de Mira, Munio Fernández, o xuíz Paio de Escola (quen dotou nada menos que catro aniversarios), Rodrigo Álvarez, o tesoureiro e bacharel Rodrigo Fernández de Estraga, Xoán Ebraldi, o arcediago Xoán Boleiro, o cardeal Xoán Domínguez de Cuíña, Xoán González de Alcalá, Xoán González de Orellán e Xoán Ladrón.

Gráfica 9



Ausencias aparte, a táboa é bastante expresiva do xeito en que se fixo a selección de aniversarios á hora de compilar o libro: valorouse en primeiro lugar a cercanía temporal (gráfica 9) e en segundo a categoría dos fundadores ou da dotación. Semella sobradamente significativo que o único cóengo do século XII que conseguiu manterse no Tombo fose un personaxe tan destacado como o arcediago Pedro Vela, mostra dos vencellos que en tempos uniran a monarquía leonesa coa igrexa de Santiago.

O peso das dignidades capitulares é tamén evidente: dos 61 identificados, 31 pertencían a ese grupo escollido do que ó mesmo Tombo define como as "persoas" do cabido: deán, arcediagos, xuíces, cardeais, chantre, mestrescola e tesoureiro. O seu estatus diferenciado dentro do cabido ben expresado no feito de que encabezan as listaxes de capitulares, destacando sobre o resto dos cóengos. Eles teñen a función de rexer a corporación, as súas reunións e a súa liturxia, sobresaíndo respecto ó resto dos membros do cabido polas súas mitras e capas. Pero non soamente: o deán e os arcediagos teñen tamén responsabilidades no funcionamento diocesano, actuando como delegados episcopais nos territorios a eles encomendados[191]. Correspondendo logo á súa categoría, adoitaron mostrarse xenerosos coa súa igrexa.

Un último sector resta por examinar como se construíu a memoria por medio do Tombo de Aniversarios, e este é o dos leigos, tanto membros da

[191] Todos estes aspectos están tratados por PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *La iglesia de Santiago* [...], op. cit., pp. 55-80.

nobreza como cidadáns e burgueses de Santiago (táboa 6). Ó igual que acontece cos eclesiásticos, os grandes personaxes adoitan deixar pegadas fondas que son doadas de seguir, pero aqueles que permanecen na segunda ou terceira ringleira pasan máis desapercibidos.

Táboa 6: Personaxes leigos con aniversarios no "*corpus* base"[192]

Século	Nome	Aniversarios
S. XII	Dona Orraca Aras[193]	18 novembro
	Don Fernando Pérez de Dubra[194]	22 marzo 25 xullo
	Don Afonso Anaias[195]	24 xullo
	Dona Urraca Afonso[196]	20 maio

[192] Faltan por localizar para completar esta lista, os seguintes personaxes: Dona María Bicos, Pedro Afonso Trigueiro, Pedro de Castro e Gonzalo Pérez de Castro, dona Maior Rodríguez, dona Tareixa Eanes de Tudela, Fernán Chapín e Pedro Afonso, e Fernán Leitón e a súa muller Tareixa Fernández.

[193] *"*En dia de San Româo han de dar por dona Orraqua Aras, madre que foi do arcibispo don Pedro Elías, setenta regueifas*".* Podemos supor logo que debeu vivir na primeira metade do século XII.

[194] Trátase do conde Fernando Pérez de Traba, fillo de don Pedro Froilaz (Vid. TORRES SEVILLA, M., *Linajes nobiliarios de León y Castilla. Siglos IX-XIII,* Salamanca, 1998, pp. 334-336; LÓPEZ SANGIL, J. L., *La nobleza altomedieval gallega. La familia Froilaz-Traba,* Noia, 2002, pp. 76-100). Pensamos que os dous aniversarios que recollemos na táboa están dedicados á súa persoa: o de 22 de marzo estaría fundado pola súa filla Urraca Fernández ("*Pro domno Fernando, comite de Dubria, patre domne Urrace Fernandi*"), mentres que o do 25 de xullo -no mesmo día do Apóstolo Santiago, sinal da importancia do personaxe-, sería unha fundación propia: "*Pro comite domno Fernando, qui legaviot Ecclesie Compostellane ea que ipse habebat in Luvre et in Cervâes*". A mesma identificación en PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *El dominio* […], op. cit., p. 4.

[195] Cabaleiro probablemente en relación co conde don Fernando Pérez, testemuña as doazóns feitas por este e o seu irmán Bermudo Pérez a prol do mosteiro de Sobrado en 1142 (LOSCERTALES, *Tumbos del monasterio de Sobrado,* II, nº 11 e 13); tamén testemuñou a doazón feita polo mesmo conde don Fernando en 1159 a prol do mosteiro de San Xusto de Toxos Outos (PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*, Santiago, 2004, nº 50). Con este mosteiro estableceu unha relación estreita, de xeito que no seu testamento de 1174 decide entrar nel baixo a observancia monástica e co permiso da súa muller, Adosinda Méndez (*Id.* Nº 543). En Santiago fundou en 1149 o hospital de San Lázaro, que acoutou en 1165 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia histórica*, nº XVII-XVIII).

Século	Nome	Aniversarios
	Dona Urraca Fernández de Dubra[197]	28 maio
S. XIII	Don Vermudo Bravo[198]	19 xullo
	Don Martín Vidal[199]	19 xullo
	Rodrigo Suárez de Avalo[200]	30 decembro
S. XIV	Don Fernando de Castro[201]	2 xuño
	Gonzalo Eanes de Rama[202]	12 outubro
	Don Pedro de Castro[203]	3 xuño

[196] Filla de Afonso Anaia, aparece na carta de couto concedida por este ó Hospital de San Lázaro (ver nota anterior). En 1196 doa ó cabido a súa parte da vila de Amio (ACS, Tumbo C-2, f. 194v).

[197] Filla do conde Fernando Pérez de Traba. Outorgou o seu testamento en 1199 (LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica,* nº XX). Un resumo sobre este personaxe en LÓPEZ SANGIL, J. L., *La nobleza altomedieval* […], op. cit., pp. 149-152).

[198] Cóntase entre os devanceiros do bispo de Badajoz, don Bernardo: "*Pro domno Veremundo Bravo, milite*". Atopamos un homónimo nos Tombos de Sobrado en 1202: "*Aliam quartam similiter in pignore teneo pro L solidos a Veremundo Bravo, quos ei dedi apud Castrum de Intentia*" (LOSCERTALES, *Tumbos de Sobrado*, II, nº 473).

[199] No aniversario de don Bernardo, bispo de Badajoz, tamén hai unha lembranza para este personaxe: "*Pro episcopo Pacensio domno Bernardo et pro avo suo domno Martino Vitalis*". Supoño que viviría na primeira metade do século XIII, aínda que non conseguín documentalo.

[200] No testamento do cóengo Afonso Pérez, de 1283, hai dúas cláusulas que poden relacionarse con este personaxe: "*Mando Iohanni Alfonsi, alumpno Roderici Suarii de Avalom cogniati mei, C mrs. … Mando et volo quod post mortem meam denarii de locario domus mee de Noya que fuit Iohannes de Berdia custodiantur, et si vir eiusdem sororis mee, Rodericus Suerii de Avalo, obierit antequam ipsa, denarii istius domus dentur isti sorori mee*" (LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica*, nº LV).

[201] Pertigueiro maior de Santiago, outorgou o seu testamento en 1305 (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B,* nº 231). Nel mandaba á igrexa de Santiago "de que reçebemos muyto bem eu et aquelles onde eu veño et muyta merçee, quanto ey en Arcos de Condessa*".* O que se corresponde co texto do seu aniversario: "*Pro nobili viro domno Fernando de Castro, dantur CCLª … que pecunia datur pro cauto de Arquos de Condessa quod ipse dedit et legavit Capitulo".*

[202] Un Gonzalo Eanes de Rama aparece na documentación do Tombo B en 1318 e 1324 (GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *Tumbo B,* nº 270 e 240).

[203] Pertigueiro maior de Santiago e fillo de Fernando de Castro. Por convenio co cabido, fundou a súa capela funeraria na catedral logo de legar ó cabido "o meu couto de Valladares et os dous meus coutos de Teyx, que som en terra de Fragoso*".* Da terza parte dos froitos destes bens pide ó cabido que lle faga "cada ano por min huun aniversario

Século	Nome	Aniversarios
	Airas González Xarpa[204]	19 agosto 22 agosto
	Fernando Abril[205]	28 outubro
	Cecilia Paiz[206]	28 outubro
	Costanza Vásquez[207]	3 agosto
	Pedro Fernández[208]	28 agosto
	Dominga Carreira[209]	28 agosto
	Milia Pérez de Castro[210]	12 marzo 18 agosto

ena dita iglesia de Santiago en día de Sam George en quanto eu viver e depoys de mia morte devese facer o dito aniversario cada ano en aquel dia que eu finar" (LÓPEZ FERREIRO, *Historia* […], op. cit., tomo VI, ap. XXV). Na entrada do Tombo de Aniversarios: "*Pro nobili viro domno Petro de Castro, filio nobilis viri domni Fernandi de Castro, debet distribui … tercia pars illius pecunie que datur pro cauto de Tex et de Valadares, quia alie due tercie dantur tribus cappellanis quos dictus domnus Petrus instituit et ordinavit in perpetuo in dicta ecclesia".*

[204] Aparece documentado en 1369 (*ibidem*, ap. XXIX) e 1371 (*ibidem,* ap. XXXI). En 1383 semella que xa morrera (*ibidem,* ap. SUPLEMENTO).

[205] "*Fernandus April, mercator, quondam civis Compostellanus, ordinavit quod fieret aniversarium de cetero annuatim pro anima sua et pro remedio anime Cecilie Pellagii, uxoris sue quondam, per quinque casalia hereditatis que sunt in parrochia Sancti Verissimi de Sesgude, et per unam domum que est in vico de Vilari; et per dimidiam alterius domus que est in predicto vico, ubi vocatur Poombal*". Documentado en 1371 (*ibidem,* ap. XXXI).

[206] Muller de Fernando Abril.

[207] Muller de Gómez Prego, quen aparece documentado en 1371 (*ibidem,* p. 193).

[208] Pedreiro. En 1378, xunto coa súa muller, Dominga Eanes, fixo unha doazón ó cabido de Santiago para que se concedese un aniversario anual o día 28 de agosto (*ibidem,* pp. 285-286). É neste día cando aparece o seu aniversario inserto no Tombo: "*In ista die XXVIIIª fit aniversarium pro Petro Fernandi, petrario, et pro uxore sua, Dominica Carreira. Et dantur libre centum, Solvuntur per domos et casales quas contulit Capitulo, prout continetur stormento facto inter Capitulum et ipsos per Garsiam Sugerii, notarium Compostellanum".*

[209] Muller de Pedro Fernández. Vid. nota anterior.

[210] Os aniversarios de Milia Pérez de Castro, filla de Pedro Fernández de Castro, fundados por ela a prol da súa alma e da súa irmá xa defunta, a raíña dona Xoana de Castro, foron posteriormente ratificados polo seu home Vasco Pérez de Vaamonde. Estaban situados sobre a aldea de Pieros, no Bierzo, entre Cacabelos e Villafranca. A movida historia destes aniversarios foi publicada por López Ferreiro (LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia histórica*, nº XXX).

Século	Nome	Aniversarios
		10 setembro
	Vasco Pérez de Vaamonde[211]	12 marzo 13 marzo 4 abril 24 abril 18 gosto 10 setembro
	Xoán de Rama[212]	12 outubro
	Sancho Eanes Xarpa[213]	19 agosto
	Gómez Airas[214]	22 agosto
	Don Pedro de Villaines[215]	23 abril 27 xuño Vixilia de Pentecostés
	Sancha Martíns Migalla[216]	12 setembro

[211] Home de Milia Pérez de Castro, conseguiu que a máis dos tres aniversarios dedicados á súa muller e a dona Xoana de Castro, o cabido celebrase outros tres pola súa alma. Vid. a nota anterior.

[212] En 1380, os seus testamentarios entregaron ó cabido o forno da rúa de Mazarelas para un aniversario por el e polo seu pai, Gonzalo Eanes de Rama, co obriga de ir á capela de Santa María na Quintana de Palacios (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia* […], op. cit., tomo VI, p. 277). Así se recolle tamén no seu rexistro no Tombo de Aniversarios: "*Solvuntur per redditus furni de Maçarelis ad quodquidem aniversarium faciendum, heredes dicti Iohannis de Rama dederunt dictum furnum Capitulo Compostellano. Processio ad capellam Iohannis Roderici in Quintana Palacii, ubi est sepultus*".

[213] Foi proposto polo seu pai, Airas González Xarpa, para ocupar unha coenxía vacante (*ibidem,* p. 209), pero o Tombo de Aniversarios non lle dá o título de cóengo.

[214] Membro tamén da liñaxe dos Xarpa. En 1371 localizamos un homónimo, pero é irmán, non fillo de Gómez Aras Xarpa (*ibidem,* ap. XXXI).

[215] En 1384 asentou acordo co cabido, polo que este lle cedía a capela de Santa Cruz, para que "de aquí endeante que a dita capella fosse chamada a capella do conde de Ribadeu" (*ibidem,* ap. XXXVIII). Ademais disto o conde fundou estes tres aniversarios. Como se sinala no aniversario do mes de abril: "*Dantur centum duodecim libre cum dimidia ... Solvuntur per redditus bonorum que Capitulo emit de pecunia quam dictus comes dedit Capitulo pro faciendis tribus aniveersariis que mandavit fieri in ecclesia Compostellana*". Os aniversarios de Pierre de Villaines eran un novo signo do compromiso da igrexa de Santiago coa nova liexitimidade trastamarista.

[216] Outorgou o seu testamento en 1388, estando xa viúva do seu home, Pedro Fernández Paneiro. Entre as súas mandas deixa sinalado: "Mando a Santiago a medade de aquela casa que esta ao portal de Jusâao, ena qual ora mora Beringuel Reymondez, aatal pleito e condiçon que as pesoas e coengos e clerigos da dita igleja de Santiago que agora son e

Século	Nome	Aniversarios
	Pedro Fernández Paneiro[217]	12 setembro
	Dona Sancha Rodríguez de Bendaña[218]	10 agosto
	Fernán López de Medín[219]	4 agosto
	Gómez González Ballo[220]	21 setembro
	Moor Fernández[221]	21 setembro
	Xoán Núnez de Isorna[222]	24 novembro
	Don Guillerme de Dinkere[223]	12 maio

as outras que foren perlos tempos daqui endeante que sejan tiudos e obligados de me fazeren e façan hûu aniversario de cada ano pera senpre tres dias andados apos Santa Maria de setembre porla mîa alma e do dito Pero Fernandes e daqueles a que eu e o dito Pero Fernandes somos tiudos*"* (ACS, Tombo C, f. 325v).

[217] Marido de Sancha Rodríguez Migalla, coa que comparte aniversario, estaba xa morto en 1388.

[218] Nai do arcediago Afonso Sánchez de Gres, a quen sobreviviu, e membro da liñaxe dos Bendaña. Aumentou a dotación que deixara ó cabido o seu fillo en 1386 (ACS, Tumbo C, f. 337). Este mesmo documento está tamén transcrito en ACS, Tombo 3 de tenencias, f. 217.

[219] Escudeiro, pai do arcediago de nendos Xoán Rodríguez de Medín, activo a principios do século seguinte. Cando se redacta o "*corpus* base", sinálase que aínda están por sinalar os bens sobre os que fundar o aniversario: "*Predictus archidiaconus solvet in vita sua LXXXª libre pro eodem aniversario; et in morte tenetur assiganre Capitulo Compostellano hereditates et reddictus ad solvendum predictas libras*". No Libro I este rexistro foi tachado e substituído por outro datado en 1425: "*Dabantur LXXXª libre quas annuatim per multos annos solvit filius eius, Iohannes Roderici de Medim, archidiaconus de Nendis. Hodie autem, anno Nativitatis Domini Mº CCCC XXVº, et in posterum perpetuum, pro dicto aniversario uberius peragendo, dantur XCIII libre et XV solidi, solvendi de mensa Capituli per casalia de Gamaz et de Alderis, perrochia de Marroços, que Capitulum emit a voce Didaci Roderici, iudicis de Muro,. Per XXIIII mill morabitinos; pro quo solucione archidiaconus ipse solvit XXI*[cim] *millia morabitinos dicte monete".*

[220] Documentado como cambiador en 1397 (GONZÁLEZ, VÁZQUEZ, M., "Vecinos y oficios en la Compostela Medieval. Un análisis a través de la documentación catedralicia (1150-1400)", *Compostellanum,* XXXIX, p. 347).

[221] Muller de Gómez González Vallo. As libras do aniversario fundado polo seu home no día de San Mateu, "*debent solvi per domos sitas in vico de Valadares, quas idem Gomecius legavit et donavit ecclesie et Capitulo Compostellano".*

[222] Escudeiro, pai de don Álvaro de Isorna, bispo de Mondoñedo nas datas de elebaoración do Tombo Vello, e poseriormente arcebispo de Santiago. Outorgou o seu testamento en 1400 (LÓPEZ FERREIRO, *Galicia histórica,* nº LXVI).

Gráfica 10



Coma no caso dos cóengos, a memoria do Tombo Vello de Aniversarios, tórnase presentista ó tratar dos leigos (gráfica 10): o peso numérico dos aniversarios fundados no século XIV triplica practicamente o total dos séculos anteriores. Porén a conservación de determinados nomes, mesmo dun pasado que cara a 1400 xa resultaba afastado, é unha proba máis de que a selección non se fixo sen criterio.

É certo que o século XII semella ter un meirande peso que no caso dos capitulares pola presenza dos personaxes máis sobranceiros da nobreza galega daquela centuria[224]: o conde Fernando Pérez coa súa familia e parte do seu séquito. Un complemento preciso á hora de subliñar as relacións da igrexa de Santiago co seu pasado, de cando a máis alta nobreza do reino de León procuraba abeiro á súa sombra.

[223] Aínda que o personaxe está por localizar, polas características do seu aniversario e dotación, podemos situalo na segunda metade do século XIV: "*Fit aniversarium pro domno Guilelmo de Dinkere, Tornacensis diocesis, nato de villa Adeburgensis, et de eius uxore domna Katherina et filiis suis. Qui Guillelmus quadraginta nobiles de Frandria huic ecclesie dedit pro emendis hereditatibus".*

[224] Un pasado que por outra parte ignora ó pai de don Fernando, o conde Pedro Froilaz, soterrado dentro da catedral compostelá (FALQUE REY E. (ed.), *Historia Compostelana,* Madrid, 1994). Ó contrario do que fixo don Fernando, quen, despois de ter un soterramento temporal dentro da igrexa de Santiago, preferiu o mosteiro de Sobrado como lugar de descanso.

Esta aura de prestixio continúa coa presenza da familia dos Castro, nunha liña que comeza a finais do século XIII con Fernando Ruiz de Castro, e remata en Milia Pérez e o seu home, Vasco Pérez de Vaamonde, a finais do trescentos. O elo central da sucesión está en don Pedro Fernández, quen non soamente dotara un aniversario, senón que fundara unha capela propia na nave central da igrexa. Un personaxe central no reinado de Afonso XI, o monarca tantas veces lembrado polo cabido ó longo do ano[225].

Dona Xoana de Castro, a raíña brevemente casada con Pedro I[226], aparece nos aniversarios máis coma membro da casa de Castro que coma raíña de Castela, aínda que ela así se proclame na súa sepultura[227]. Evidentemente, o irmán, Fernán Pérez de Castro, petrista irredutible, non deixou ningún aniversario que sexa recordado polo cabido compostelán.

En troques, atopamos a Pierre de Villaines, conde de Ribadeo, un dos membros das Compañías Brancas francesas que dirixidas por Duguesclin apoiaron o ascenso ó trono de Enrique II. Non soamente goza de tres aniversarios celebrados polo cabido, senón que este está de acordo en lle ceder unha das capelas do brazo norte da catedral, a consagrada á Santa Cruz[228].

E ó carón dos grandes personaxes, temos a escudeiros, como Fernán López de Medín ou Xoán Núnez de Isorna, ou donas fidalgas como Sancha

[225] Abonda recoller os versos que ó *Poema de Alfonso onceno* lle dedica no momento da súa morte: "Don Pedro, noble señor, / muy acabado varón, /muy leal defendedor, / de nobleza guarneción. / Castro fue el su solar, / de la Guerra fue llamado: /Dios lo quiera perdonar / e lo herede en su regnado. / Los moros en él ovieron / un gran mortal enemigo; /gallegos en él perdieron /gran solombra e abrigo." (*Poema de Alfonso Onceno,* Madrid, 1991, p. 419).

[226] As vodas tiveran lugar en Cuéllar en 1354: "Ficieron públicamente bodas en la dicha villa de Cuéllar el rey e doña Juana, e llamáronla la reyna doña Juana, e velólos el obispo de Salamanca en la iglesia, segund se podía facer". O cronista Pedro López de Ayala afirma que ó outro día o rei partiu de Cuéllar para Castrojeriz, "e nunca vio jamás a la dicha doña Juana de Castro con quien estonce casó; mas diole la villa de Dueñas, e allí vivió mucho tiempo e llamóse siempre reyna, magüer non placía al rey dello" LÓPEZ DE AYALA, P., *Crónicas,* Barcelona, 1991, pp. 101-103.

[227] Segundo a inscripción do seu sepulcro: "Aqui jaz dona Joana de Castro reina de Castela que se finou no mes de agosto era MCCCCXII*".* YZQUIERDO PEIRÓ, R., "A alianza de reis e prelados na configuración dun templo nacional: a capella dos reis de Compostela", en YZQUIERDO PEIRÓ, R. (ed.), *O panteón real de Compostela,* pp. 41-87, concretamente no ap. 65.

[228] A capela desapareceu en 1540 ó ser aproveitado o seu espazo para construir a nova capela da confraría dos Cregos de Coro (ROSENDE VALDÉS, A., "El siglo XVI: gótico y renacimiento en la catedral compostelana", en NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M. (ed.), *Santiago, la catedral, la memoria y el arte,* Santiago de Compsotela, 2000, p. 146.

Rodríguez de Bendaña. E máis aínda, burgueses: os habitantes de Santiago, homes e mulleres. Son na maioría xente do século XIV, que mesmo teñen parentes no cabido -fillos en moitos casos[229]- e que queren acadar o privilexio de ser lembrados diante da tumba de Santiago, por enriba do anonimato dos pequenos doadores que se ven sumados ós aniversarios colectivos.

O Tombo Vello concluído cara 1400 testemuñaba así ambos aspectos: un pasado glorioso, representado por reis e grandes nobres, favorecedores da catedral do Apóstolo ó longo dos séculos; e un presente vizoso onde toda unha sociedade, nos seus mellores elementos, continuaba a coidar polo aumento do culto eclesiástico por medio de novos aniversarios e festas, sostidos por un patrimonio en crecemento.

A catedral e o cabido non foron ingratos con eles e souberon cumprir coa súa parte: se os tres Libros de Aniversarios caducaron ata o punto de ser considerados o Tombo Vello, non foi porque estes caeran en desuso, senón porque a mediados do século XVI xa resultaba preciso facer unha renovación[230]: para poder realizar todas as obrigas litúrxicas adquiridas, o cabido tivo que volver a deseñar as celebracións, separando os aniversarios en "de arriba" e "de abaixo". Mentres que os primeiros seguiron a se celebrar no coro, diante do altar maior, os segundos comezaron a se realizar na que foi capela de San Fernando, nos novos espazos construídos no claustro renacentista[231].

Durante séculos, ata ben entrado o século XIX, o cabido continuou celebrando puntualmente o calendario de aniversarios establecido no 1400, enriquecido con novas fundacións centuria tras centuria. En 1870 o cóengo José María Zepedano, ó publicar en Lugo a súa *Historia y descripción arqueológica de la basílica Compostelana,* testemuñaba unha nova época histórica na que xa non había lugar para aquelas cerimonias. Aínda así, quixo dar a coñecer "en obsequio a la buena memoria de los bienhechores, … todas las fundaciones piadosas que había en esta basílica". O calendario destas memorias ocupa trinta e unha paxinas do seu libro a xeito de despedida e homenaxe. Unha homenaxe á que estas liñas, dalgunha maneira, tamén se queren sumar.

[229] Sancha Rodríguez era nai do arcediago de Trastámara, Fernán López do arcediago de Nendos, e o fillo de Xoán Núnez xa subira o suficiente para ter acadado o episcopado.

[230] Para facelo se solicitou a autorización papal, que veu concedida en forma de bula por Paulo III en 1545. Posteriormente se solicitou outra reforma en 1684, que concedeu Inocencio XI (ZEPEDANO Y CARNERO, J. M., *Historia y descripción arqueológica de la basílica compostelana,* Santiago de Compostela, 2011, p. 280).

[231] Ós aniversarios "de arriba", "asistía el Cabildo, los racioneros y los Capellanes mayores"*;* mentres que nos "de abaixo", asistía "por turno un dignidad, un canónigo, un racionero y un capellán mayor, con los salmistas necesarios y dos niños de coro*"* (*ibidem,* p. 280).

E tamén, coma homenaxe, podería inserirse neste remate un último aniversario: *In XXª IIIIª die mensis septembris, in festo Beate Marie de Mercede, fit aniversarium pro domno Ioseph Maria Didaci Fernandi, olim decano et canonico archivario huius alme ecclesie Compostellane, nobili et generoso, qui sepultus est in claustro ecclesie Minduniensis. Fiat processio ad claustrum usque ad portam veterem archivii, ubi posita erat imago Beate Marie clavium*.

Annuarium Sancti Iacobi, 13 (2026), pp. 295-356.
e-ISSN: 3101-5816